



# OS GALOS



Revista de Divulgación da Cultura Marítima e Fluvial - Bueu 2014 - Nº 8



## Encontros de Embarcacións Tradicionais: XX anos en Galicia e XVIII en Bueu

O pasado ano cumpríronse vinte anos desde o primeiro Encontro bianual de Embarcacións Tradicionais que tivo lugar en 1993 convocado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. A estes eventos adoitan concorrer como convidados non só as asociacións pertencentes á FGCMF, senón tamén numerosas entidades afíns de Galicia, Portugal, Irlanda, Francia, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Levante ou Illas Baleares, así como particulares e institucións relacionadas co mundo tradicional do mar.

Nestes Encontros, ademais da concorrencia de embarcacións tradicionais do patrimonio marítimo galego e doutras zonas xeográficas, teñen lugar actos culturais e de lecer, conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía... que teñen como obxecto principal poñer de manifesto a riqueza do noso patrimonio marítimo e fluvial galego e a necesidade de conservalo.



Á mostra dos traballos de recuperación patrimonial feito polas diferentes asociacións, hai que sumarlle o que con-

levan de dinamización social e lúdica das comunidades mariñeiras onde se celebran, converténdose nunha festa atractiva para os veciños e visitantes das localidades que acollen estes Encontros. Asemade, contribúen tamén á visualización e dinamización de sectores como a carpintería de ribeira, a velaría, os efectos navais, artesáns..., e á potenciación dun turismo sostible en base aos atractivos turísticos das comunidades da beiramar.

Para apoiar e contribuir na ampliación e cumprimento dos obxectivos que vimos de expoñer, fúndase en Bueu, a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos". Durante estes anos, a nosa Asociación veu traballando arreo no labor de revalorización da cultura marítima tradicional da zona, desandando o rumbo de desfeita e desmemoria que se viña producindo anteriormente.



Xa que logo, conseguimos co esforzo dos socios e a axuda das administracións públicas e empresas colaboradoras, recobrar o protagonismo e a vida mariñeira tradicional nos nosos portos, tanto no relativo ás embarcacións tradicionais como a toda manifestación que a cultura mariñeira leva implícita.

Grazas a iso, hoxendía contamos cun bo número de embarcacións dispoñibles para navegar: botes polbeiros, xeiteiras, dornas, traíñas, galeóns..., todas elas distintivas e exclusivas de Bueu e nalgúns casos, únicas nas nosas rias e en Galicia.

Grazas aos socios, aos colaboradores e ao apoio dos veciños de Bueu, non só se fixo posible isto, senón tamén a celebración dos Encontros na nosa vila e a concorrencia aos encontros galegos e internacionais, destacando especialmente o apoio e concienciación necesaria para a recuperación do asteleiro de Purro.

Tampouco debemos esquecer a edición da nosa publicación e as numerosas actividades culturais realizadas, entre as que destacamos a homenaxe, feita en xaneiro de 2007, ao profesor Staffan Mörling na que o concello lle outorgaría o nomeamento de Fillo Adoptivo de Bueu.

**Dirección / Redacción:** Ana Gil

**Colaboradores:** João Baptista, Iddr Boukerkour, Arturo Cidrás, Xerardo Dasairas, Luis Davila, Ana Gil, Marta Lemos, Lucía Novas, Celestino Pardellas, Keith Payne, Salvador Rodríguez, Xaime Toxo

**Deseño e maquetación:** O´Xedas

**Promove:** osgalosbueu@yahoo.es

**ISSN:**1888-606X

**Depósito Legal:** PO - 459/2006

**Imprime:** Imprenta Deputación

### INDICE

	Páx.		Páx.
Editorial.....	1	Humor: O Bichero.....	24
O teu corpo (poema).....	2	Da auséncia.....	25
Ons: Alternativas turísticas.....	3	Afrontando o Gran Sol.....	27
Os barcos trincados.....	7	Unha "Basca" do corso.....	29
Regateira rapaza.....	11	Imaxes para a lembranza.....	30
Humor: O Bichero.....	12	Addenda "A bordo das Ons".....	31
Popa ao Gran Sol.....	13	Barcos de papel.....	34
As Ostras.....	16	A escuadra de Galicia.....	36
Homenaxe aos naufragos.....	20	Poemas: Keith Payne.....	38
A necesidade do lugar.....	21	Actividades "Os Galos".....	39

O TEU corpo é un mapa,  
unha carta mariña.

(Escóitanse nas túas inguas os berros das gaivotas  
e o mar resplandece sobre as nádegas belísimas.)

Ás veces,

fago anotacións

nos teus ombreiros salgados

e bícote e acaríciote con tenrura mariña.

(As rochas albíscanse dende as túas alturas  
e súcante arroaces en direccións dificilísimas.)

O teu corpo é un mapa,  
unha carta mariña.

Percórrente correntes vagarosas e incríbeis  
e es areeiro turxente de dunas e caricias.

Millas de tentacións, amplitude grandísima,  
tórax auténtico e terso, cabo de ondas e desexo.

O teu corpo é un mapa,  
unha carta mariña.

Procuro nas túas areas a flor máis prezada do mar  
e exploro este enorme océano con incansábel xiria.

Do libro *Epiderme de estío*.

*Lucía Novas*

## ► A Illa de Ons: Alternativa turística agrícola-mariñeira (II)

### "Campamentos e campos de traballo"

Celestino Pardellas de Blas  
Pte. Asoc. Cultural "PiñeirÓns"


*Rematabamos a colaboración anterior, dando unha serie de suxestións sobre o aproveitamento dos recursos da Illa de Ons, agrícola - mariñeiros, para desenvolver nela un turismo sostible de acordo coas súas características socio-histórico-etnográficas. Como quedara explicado, a comunidade humana que se asentou na Illa a partir de 1810 tivo como único recurso económico a agricultura, quedando a pesca,*

*ata 1850, para autoconsumo. A instalación dunha fábrica de salga e, a partir dese momento, o xurdir de novas transaccións económicas vinculadas coa pesca, provoca un cambio, e pasa a ser a pesca o seu principal motor económico, quedando relegada a agricultura ao plano do autoconsumo e para o pago da renda agrícola que os diferentes donos lles impuxeron aos illáns.*

#### APESCA

A pesca, ao longo de case un século, vai pasar por diferentes etapas. Nun principio o polbo e o congro van ser os produtos máis demandados. O Marqués de Valladares, Bernadal, Manuel Riobó e o seu fillo Didio como donos-administradores da Illa mercan estes produtos aos illáns para logo secar e exportar.

Máis tarde, a partir de 1936, coa morte de Didio Riobó e quedando como administrador Gaspar Massó, a pesca diversificase e, a carón do polbo como principal produto, tamén se lles merca toda clase de peixe e, sobre todo, marisco.



As dornas podían vararse con facilidade nas praias illáns. Canexol

Cando a Illa é expropiada, os illáns aventúranse á venda, pola súa conta, nos portos de Bueu e Portonovo principalmente, chegando ata os de Cangas e Pontevedra cando había boa sazón, aínda que xa esporadicamente comezaran a facelo en anos anteriores polas dificultades de venda na Illa, conseguindo con iso mellores prezos, máis independencia e un primeiro repunte económico que traerá, a principios dos anos 60 do pasado século, o atreverse a dar o arriscado paso de mercar os primeiros barcos a motor.

É a partir deste momento cando a comunidade illán sofre dous importantísimos cambios, un económico e outro social. As dificultades que supoñía a pesca dende dorna pola falla de espazo, lentos desprazamentos, persoal, vendas,..., vai cambiar radicalmente cos barcos a motor, facilitando o traballo e os desprazamentos tanto para pescar como para vender, o que provocará un maior aumento de capturas e por conseguinte maiores ganancias. Pero á vez, por mor da falla dun peirao de abrigo en Ons para a nova flota que está a xurdir e, ao non poder varar os barcos na praia como facían coas dornas, vense obrigados, os novos armadores-patróns, a trasladar os seus barcos aos portos próximos (Bueu principalmente) que reúnen boas condicións de atraque, amarre e abrigo, provocando o traslado de residencia da Illa cara a estes portos, primeiro dos armadores-patróns e despois dos mariñeiros enrolados neses barcos.

#### EMIGRACIÓN FORZOSA

Este proceso de cambio económico-social traerá, a partir de 1960, unha emigración forzosa cara ao continente dos veciños de Ons que, sen esquecer as súas raíces e sen abandonar a súa vivenda illán, vense na obriga de deshabitála durante un tempo, o que tardan en montar unha nova vida en terra, tendo en conta o enorme gasto que iso lles vai supoñer. Entre os anos 1960 - 1979, paseniñamente, os illáns van pechando as súas vivendas en Ons e trasladándose a



Moderna flota pesqueira illán herdeira da que comezou a súa andaina en 1960. Peirao de Ons

Bueu, sendo o maior repunte entre os anos 1974 e o 1979 no que deixa de vivir, todo o ano na Illa, a última familia de Ons.

Hai que dicir, en contra da opinión dalgunhas persoas e da administración, que os veciños nunca abandonaron as súas vivendas illáns. Moitos, arredor dun 60%, vivían durante o inverno en terra pero chegada a primavera e as épocas de sementeira, volvían a Ons e alí vivían entre os meses de marzo - novembro. Outros, debido á falla de servizos en Ons, entre eles a escola, e ao ter rapaces en idade escolar, non podían vivir en Ons ata o verán e antes só se desprazaban para a sementeira. Tamén, ter en conta que, ao faenar arredor da Illa, entre lance e lance, achegábanse ata o peirao, cousa que moitos aproveitaban, sobre todo os que vivían preto do barrio de Curro, para achegarse ata as súas vivendas.

### VIVENDAS E HABITABILIDADE

De todos os xeitos hai que recoñecer que Ons sufriu un baixón na habitabilidade invernal durante case unha década (1975 – 1982) o que provocou, por mor das inclemencias do tempo durante o inverno, que moitas das casas sufriran importantes danos, sobre todo no tellado, que trouxo como consecuencia que moitas delas quedaran case en estado ruinoso.

Ons, dende principios dos anos 70 íase convertendo nun atractivo turístico, pero vai ser a partir de 1982 cando esa atracción aumenta, polo que imos

considerar ese ano como o do comezo da recuperación e a volta aos orixes. Por unha banda, a carón do barco que tradicionalmente facía o traxecto nos meses de verán dende Bueu, vai a unirse outro que dende os lugares de maior importancia turística, Sanxenxo e Pontonovo, van a aumentar o traslado de visitantes na época estival multiplicándoos case por tres.


Por outra parte, moitos dos veciños que no seu día tiveran que marchar para buscar un abrigo para os seus barcos, agora, xa solucionados os problemas económicos xurdidos da súa nova vida en terra, volven ao lugar que os veu nacer e arranxan as casas, que por mor da emigración forzosa á que se viran abocados, deixaran deshabitadas.

### VOLTA ÁS ORIXES. RENACER TURÍSTICO

Estas dúas circunstancias fan que Ons comece unha nova etapa que vai dende 1982 ao 1990. Nestes anos moitos veciños volven e pasan longas tempadas na Illa, comezan a rehabilitar as casas intentando adecualas ás comodidades de terra, seguen cultivando os seus terreos, sobre todo, as pequenas leiras ao lado da casa, realízanse os primeiros pozos de barrena, aumenta considerablemente o turismo, os negocios modernízanse, xorden outros novos,..., e montan, aínda que xa comezaran no ano 1979, os primeiros Campamentos e Campos de Traballo da Xunta.

De vagar, polas enormes pégas que poñía a administración, foron amañando as súas vivendas ata que, entre os anos 1990 - 1993, xorde o arranxo masivo de practicamente todas as casas illáns, fanse máis pozos de barrena quedando moi poucas sen auga e practicamente todas se habitan durante os meses de verán.

Dende 1993 ata hoxe, sen entrar en detalles nin en problemáticas veciños-administración, case todas



Unha das moitas casas illáns que quedou deshabitada nos anos 70 do pasado século, pero nunca abandonada. Hoxe habitada durante gran parte do ano.

as vivendas illáns están arranxadas, son habitadas polos seus titulares (como mínimo nos meses de verán), algunhas serven de aluguer durante a época estival e dúas están habitadas todo o ano (2014).

### CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABALLO

A carón da explicación sobre a evolución do hábitat en Ons, e co fin de buscar outra alternativa ao turismo sostible agrícola-mariñeiro nesta Illa e compaxinádoos co exposto no anterior traballo, explicarei, tamén moi por riba, a evolución dos Campamentos e Campos de Traballo en Ons.

Vai ser a partir do ano 1979 cando comezan os Campamentos e Campos de Traballo na Illa. Os campamentos estaban dirixidos a rapaces entre os 8 e os 15 anos e os campos de traballo a mozos maiores de 18 anos ata os 30.

As actividades que se realizaban nos campamentos, nun principio, tiñan un aire ás que se facían nos do Frente de Xuventudes, aínda que foi cambiando cara a tarefas de natureza e medio ambientais. Establecíanse 4 quendas de 15 días, durante os meses de xullo e agosto. Tiñan un administrador xeral, un xefe de campamento, monitores e persoal de mantemento e cociña. Os primeiros anos podería haber por cada quenda uns 200 rapaces.

Os campos de traballo, tiñan as mesmas quendas que os campamentos; había un Xefe de campo, un encargado de actividades e realizaban tarefas de carácter medio ambiental dirixidos polos traballadores da Consellería administradora da Illa (Agricultura ou Medio Ambiente).

Durmían en tendas de campaña compartindo espazo cos rapaces do campamento. Tamén dependían do administrador xeral e tiñan as mesmas horas de comida e cea. Arredor de 30 mozos compoñían os campos e, nunhas das quendas, o campo era internacional.

Co paso do tempo e inexplicablemente, os campamentos foron reducíndose en capacidade (hoxe hai un máximo de 60 rapaces por quenda) e os campos de traballo desapareceron hai máis de 10 anos.

Non vou a entrar nos posibles motivos (case sempre políticos) destes cambios, nin tampouco no xeito en que se leva agora o mantemento das instalacións e as actividades (que deixan moito que desexar), pero hai que recoñecer que tanto Campamentos como os Campos de Traballo son un potencial lúdico-didáctico-turístico que hai que aproveitar e, polo tanto, potenciar, pois redundará positivamente na divulgación, mantemento, defensa e protección da Illa de Ons como parte integrante do único Parque Nacional galego.

### APROVEITAMENTO DOS CAMPAMENTOS E CAMPOS DENTRO NUN TURISMO SOSTIBLE NA ILLA DE ONS DENTRO DO PARQUE NACIONAL

Xa quedara explicado no artigo anterior, que a alternativa ás vivendas illáns que adopten por dedicadas ao turismo rural-mariñeiro, teñen nas tarefas agrícolas e mariñeiras un hándicap para desenvolver actividades sostibles e en harmonía, non só co medio, senón coa historia e a etnografía desta engaiolante Illa.

Seguindo a mesma idea-alternativa representada no número anterior, coido que os Campamentos e os futuros Campos de Traballo (se a Xunta o ten a ben), poderían tamén desenvolver esas mesmas actividades coa finalidade de dar a coñecer a historia e antropoloxía illán entre os nenos e, que os mozos dos Campos contribúan ao seu estudo, investigación, desenvolvemento, posta en valor e, sobre todo, protección deses valores.



Comezo dos Campamentos a principios dos anos 80 do pasado século. Pereiró.

Para o desenvolvemento desta idea sería necesario que as diferentes Consellerías e organismos que teñen competencias en Ons ou que realizan actividades nesa Illa, fixeran un esforzo conxunto e poñer o seu gran de area na consecución dun obxectivo común que considero interesante para o desenvolvemento sostible de Ons.

En Ons teñen competencias: Consellería de Medio Ambiente - Ministerio de Medio Ambiente - Parques Nacionais (Administradores), Autoridade Portuaria (Faro e peirao), Xuventude (Campamentos e Campos de Traballo), Consellería de Pesca (Mar e pesca), Patrimonio (Restos arqueolóxicos e arquitectura), Concello de Bueu (Ao que pertence Ons), Deputación (Como organismo dedicado á provincia) e ata poderíamos poñer á Consellería de Medio Rural (Axudas para a parte agrícola).

Con que haxa alguén que coordine o labor, se reúna cos responsables dos diferentes organismos para

explicar a idea e recadar axudas e por último poñer todo a andar, sería sinxelo.

A idea ten dúas vertentes: a agrícola e a mariñeira:

### AGRÍCOLA:

Por parte do coordinador, tería que poñerse en contacto cos veciños que van dedicar as súas casas a turismo rural-mariñeiro. Mirar que terras son as máis apropiadas para levar a cabo as faenas agrícolas. Buscar axuda, entre os distintos organismos, para a merca, aluguer ou préstamo da maquinaria necesaria. Organizar con Xuventude, xefes de campamentos e monitores as actividades a realizar polos rapaces. Preparar os labores a desenvolver...

Como os campamentos comezan no mes de xullo, habería que mirar que produtos poderían plantarse nesas datas. Á vez, aqueles que teñen que sementarse na primavera, os propietarios das casas poderían facelo no seu momento e despois cos rapaces, axudar ao seu mantemento e posterior recolección.

En cada quenda, despois de programalo, os rapaces farían labores de sementeira, recollida, coidados,... Rematada esa etapa e xa cos froitos, os rapaces poderían, por medios antigos, facer fariña milla e, co axuda das mulleres illáns de cada vivenda, amasar e nos fornos, ideal se foran os das propias casas, fabricar algunha bola de pan de millo. Poderían buscarse outras saídas gastronómicas para os demais produtos sementados.

Nesta alternativa agrícola habería que programar distintas actividades para os rapaces dos Campamentos e para os mozos do Campo de Traballo.

Poderían buscarse máis ideas para a parte agrícola, pero fariamos o artigo un pouco longo e, coído, que de querer, sobra quen poña ideas sobre a mesa de traballo.

### MARIÑEIRA:

A alternativa mariñeira daría máis xogo para os rapaces e mozos, á vez, poderíamos enrolar nela, como xa comentara no traballo anterior de "Os Galos", ás diferentes asociacións de embarcacións tradicionais que, contando con axudas da administración, poderían desenvolver un traballo didác-

tico excelente cara aos rapaces que veñen a Ons de Campamento xunto, tamén dentro do mesmo apartado, coas familias que pasen as súas vacacións nas casas vacacionais illáns.

A idea, programándoa con tempo entre Campamentos - Campos - Asociacións de Embarcacións Tradicionais, consistiría en dotar dun mínimo material, nun principio, para actividades preparatorias en terra. Logo programar pequenas saídas en dorna, ou outras embarcacións tradicionais, para a aprendizaxe das diferentes partes da embarcación, para iniciarse na navegación a remo e vela,..., e, a ser posible, no coñecemento, lúdico - didáctico - pesqueiro, da pesca tradicional que se levou a cabo en Ons nos seus douscentos anos de existencia.

Interesante chegar a un consenso entre Parques-Consellería do Mar-Responsables dos Campamentos, para permitir e levar a cabo unha aprendizaxe sobre os distintos métodos para a pesca do polbo e do congro, tanto dende embarcación como a seca, e levalos á práctica cos rapaces e mozos.


Loxicamente, dentro dun turismo sostible, as capturas a realizar serían as mínimas, por exemplo: un ou dous polbos por embarcación e de ser pesca de peixe, un máximo dun quilo.

Posteriormente e xa nas instalación do Campamento, poderían, xunto co persoal de cociña, aprender a limpalos, cociñalos e comelos, un xeito moi didáctico de que os rapaces comecen a apreciar o peixe e a degustalo. (Coido que daría mellores resultados que os métodos da Consellería de Educación e Mar a base de propaganda na televisión).

E como dixen, poderíamos amplialo moitísimo máis e dar ideas máis concretas, pero o espazo de que dispoño é mínimo e coido que hai centos de persoas máis preparadas ca min para levar a cabo esta idea-alternativa para un turismo sostible, tanto vacacional nas vivendas illáns como para os Campamentos e Campos de Traballo.

A pelota está agora no tellado da Administración, o malo, como vén sendo habitual, de traballar o mínimo e se o fan outros mellor.

Así nos loce o pelo.



Rapaces do Campamento escoitando as historias de Ons de boca dunha illán (Rosa), filla de Cachote, o único construtor de dornas que houbo en Ons. Pereiró.

## ► Máis val cuarto de vela que remos de galea


Xerardo Dasairas

Seguindo na liña divulgativa coa que xustificamos as nosas contribucións a esta revista, abordamos o epígrafe do encabezamento máis como fruto da curiosidade que por afán de clarificar unha cuestión que nin os mesmos expertos no tema, de onte e de hoxe, foron capaces de elucidar dun xeito sistemático ou científico. Son moitas as dúbidas e confusións que xeran os datos documentais e a elo tamén contribúen as escasas reproducións gráficas antigas coas que contamos. E por iso que, insistindo na cuestión, tentaremos especular un chisco sobre o tema que nos ocupa.




Embarcación Cantigas Afonso X

Nesta mesma liña xa tiñamos abordado o tema das galeas que formaran parte da flota de Xelmírez (sec. IX) e que posteriormente se dedicarían ao transporte (navis sarcinaris) e á pesca. Do ano 1308 data unha exención de impostos outorgada polo rei Fernando IV aos portos galegos pertencentes ao arcebispado de Santiago. Supúñase que estes barcos tivesen o casco construído a imitación dos drakars, é dicir trincado (cast. tingladillo) e que na súa evolución daría lugar aos Trincados que entre os séculos XVI ao XIX servían como



Casco trincado nun debuxo antigo

portadores dos quiñóns de rede que constituían os Cercos Reais e que desde o século XVIII foron substituídos por Galeóns. Desde mediados do XIX, por diversas cuestións (económicas, xurídicas...), a arte



Navis sarcinaris

do xeito e as lanchas xeiteiras irían desprazando á pesca con grandes cercos.


Porén, nas rias altas, as embarcacións chamadas Trincado serían utilizadas como embarcación de cabotaxe menor e na súa descrición apóntase que a súa proa e popa son de figura practicamente igual, contando cun espazo de cuberta en cada unha destas partes tendo os seus fondos en trincado (tingladillo). Segundo as referencias, contaba cun só pau moi a proa e moi caído a popa, levando unha vela cadrada ao terzo cuxa relinga de caída do lado da amura é máis longa que a oposta. En lugar de bolina usaba una forquiña de madeira para levar la relinga cara a proa cando cinguía o vento. Tamén usaba dos remos cando había calma.

Como fose, para quen queira abondar neste tema dos trincados, non temos máis remedio que remitilo ao apartado que Staffan Morling (1) con recoñecida autoridade lle dedica a esta embarcación nas rias do norte.




Pintura que reproduce a navegación dun Trincado





"Ría de Ferrol". Un Trincado recuperado

A mediados do século XV e segundo a documentación, os carpinteiros de ribeira de Pontevedra construían *nabíos, naves, barcas, baixeles, carabelas, pinaças, barquos, bateels e fustas maiores e menores*, sen máis datos sobre a tipoloxía destas embarcacións. Desbotando os nomes xenéricos, é doado recoñecer as carabelas e baixeles (nome catalán) polo seu grande porte, prestándolle atención aos chamados *bateels* (bateles) que eran lanchas ou botes pequenos cunha ou dúas velas moi arraigados no norte peninsular.



Galeón con vela de relinga e latina

No que respecta ás chamadas Fusta, semella ser este na Idade Media, un nome xenérico para todo tipo de barcos e que no século XV xa se identifica cunha particular familia de embarcacións, tamén denominadas

*galeotas* cando incorporaban un ou dous paus. Eran estes, uns barcos estreitos, lixeiros e rápidos, de pouco calado, impulsados, como dixemos por remos e vela, semellantes a unha pequena galera ou galeota, de aí o de maiores e menores.

A Fusta máis coñecida era a do Mediterráneo e ademáis dos bancos de remo, era impulsada por 12 ou 18 homes e levaba nos mástiles velas latinas. Armada con dous ou tres canóns foi o barco predilecto dos piratas turcos que asolaron as costas galegas nos séculos XVI e XVII.


Outra das embarcacións mencionadas eran as Pinaças e foron moi habituais nas nosas rías e portos. A primeira mención que se fai delas aparece nas Partidas de Afonso X (segunda metade sec. XIII) deno-

minada como *pinaça* e suponse que recibía este nome por estar construída en madeira de piñeiro (piño). De eslora cumprida, navegaba a remo e a vela e tiña a popa cadrada podendo levar ata tres paus. Atopámola referenciada case sempre (sec. XV) como barco de transporte (sardiña, polbo, viño...) nos nosos portos, podendo desprazar ata 400 toneladas, aínda que tamén se empregaba na pesca e mesmo pola sua considerable velocidade foi usada desde finais do século XVI na vixilancia de portos e costas debidamente artillada.


Na sua evolución, semella que ata o século XVIII, contaba cunha soa cuberta, popa cuadra e moi pouco porte, arborando tres paus: trinquete con vela cuadra, maior con dous e o de mesana cunha vela latina.

Debido á sua manobrabilidade e rapidez e artilladas convenientemente, as pinazas formaban parte das escuadras que se enfrentaban nas grandes batallas navais e pola mesma razón foron moi empregadas polos piratas no Caribe. Porén, nalgúns países, denominaban pinaza á maior das embarcacións auxiliares a bordo dos grandes barcos de vela e que se usaba para atoalo nas manobras de atraque e saída dos portos.

Como precursor dos galeóns de pequeno porte que operaron con mercadorías e pasaxe, aparecen os chamados Pirlo, mencionados xa no século XV. Foron moi utilizados como embarcacións auxiliares nos cercos reais e no transporte de peixe, entre e desde os portos das rías con destino ao comercio do interior. Aínda que se describen estas embarcacións como un pequeno barco de remos gobernado por catro homes, o certo é que desde o século XVI apa-




Reprodución dunha Fusta portuguesa



Pinaza

recen descritos como barcos de vela moi rápidos e lixeiros. Nestas datas tamén aparecen mencionadas unhas embarcacións de pesca chamadas bascas ou bascotes, construídas en asteleiros das rias e que semella un nome xenérico para pequenos barcos en contraposición aos máis grandes.


Cara finais do século XVIII, Cornide ainda os menciona, sinalando que nos portos había “barcos e vascotes”. A mediados do século antedito tamén se fala de *Lanchas falcadas* (forma de fouce) que se describen como do-tadas dunha borda



Balandro

suplementaria, tripulada por oito mariñeiros con oito toneladas de desprazamento. Semella que antes de seren adicadas á cabotaxe (levaban ata 200 toneladas de sardiña) servían nas rias altas nos cedazos (cercos reais) cun papel semellante aos trincados. Neste sentido, Gerónimo del Hoyo déixanos en 1605 unha descrición dos barcos que participaban nun cedazo: *"teñen seis barcos grandes e longos a modo de galeras, ou por mellor dicir, son como unhas galeotas moi longas pero con diferentes proas e popas e diferente modo de navegar, porque non traen velas neles, teñen remos a oito e a dez e a doce por cada lado; a estes chaman galeóns ou cercos porque só serven para pescar sardiña..."*.

Porén, semella que a embarcación máis senlleira das Rias Baixas era a Dorna, aparecendo documentada no século XVI e adicada á pesca do polbo, congro e outros peixes á par das denominadas lanchas ou barcos, aínda que sempre superando a estes en número ata o século XVIII.



Nos séculos XVI e XVII aparece a denominación Barcolongo para referirse aos Trincados


A súa explotación podía ser feita por mariñeiros (sen dorna) que conviñan a parcería e os soldo co propietario (normalmente nobres, fidalgos potentados ou cregos) tal como acontecía coa que Pedro de la Rúa explotaba en Beluso.

Noutros casos, a dorna era explotada polos propios mariñeiros, a medias, terzas e incluso cuartas partes, segundo as súas posibilidades.

Moi habituais tamén nos portos galegos aparecen mencionados, ademais das naos, carabelas e galeóns do século XV, outros barcos como bergantíns, polacras, pataches, laudes, lugres, bombardas e un senfín de embarcacións de distinto porte adicadas ao transporte e por veces incluso a labores militares.



Dorna



Cedazo ou cerco na Coruña no século XIX





Embarcacións nun plano do século XVIII

ANO 1754	MARINEIROS	BARCOS
ALDÁN, BUEU, CELA, COIRO, ARDÁN, DARBO, HIO, S. TOME DO PIÑEIRO	302	55
CANGAS	518	73
MOAÑA, MEIRA, DOMAIO	72	9



\*Obtida da "Viage a Galicia" de Frei Martín Sarmiento

ANO 1758	MARINEIROS	CARPINTEIROS DE RIBEIRA	CALAFATES	BARCOS COMERCIO	BARCOS PESCA
CANTO DA AREA	137				59
MARÍN	166		1	1	43
SAN TOME DO PIÑEIRO	19	2			3
ARDÁN	2				1
CELA	55				12
BUEU	36				12
BELUSO	7				4
ALDÁN	13				8
HIO	35				16
DARBO	10				2
CANGAS	343	4			77
COIRO	11				-
TIRÁN	6				4
MOHAÑA (sic)	16				3
MEIRA	7				2
DOMAIO	20				2
SAN ADRIÁN	12	2	6		3
SANTA CRISTINA	40				16



ANO 1794	LANCHAS	BOTES
SAN ADRIAN	-	3
CANGAS	55	40
CON. DOMAIO	-	5

**EMBARCACIONES USADAS NO CORSO 1796 - 1801**

Quechemarín, Místico, Lugre, Diate, Bergantín, Basca, Goleta, Cuter, Xabeque, Patache, Pinaza, Balandra, Falucho, Lancha.

## ► Regateira rapaza

Arturo Cidrás

Os anos cincuenta do século pasado eran anos onde a fame que galopaba dende a guerra fratricida aínda seguía a dar berros de silencio nas bocas de moitas casas do noso país. E se a ese escenario de penuria se lle engadía unha desgraza dalgún dos piares de sostemento da familia, entón os problemas para a subsistencia chegaban a unha dureza extrema, difícil de imaxinar.

A rolda da sorte que caprichosamente reparte, puxo os seus ollos nunha rapaza de doce anos que se fixo nai de dous irmáns unha noite na que “o pulmón” estaba a percorrer as casas coma unha peste bíblica. Sen nai agora, e sen pai dende que o mar se cobrase o seu tributo hai poucos meses.

A solidariedade fíxo que a aquel corpo fráxil, separado por un mulido, lle puxesen unha cesta de peixe na cabeza que unhas pernas tremementas sacaban da praia para ir baleirándose polos cruzamentos de camiños e canellas a cambio duns patacóns.

Os recordos sempre me levan a un día do mes de novembro onde a cor chumbo do ceo parecía presaxiar cousas incertas. Esa nena-nai estaba chorando con bágoas mudas de desconsolo nun descanso da ladeira que sube á aldea, onde as enxurradas deixan a pedra. A cara de dor e desesperación intercambiábanse a cada impo, o que fíxo que coma puñais de pena espertaran en min unha empatía que

aínda o tempo non borrou. Unha vella, ou tiña que selo, pois só me lembro duns sucos que con saña marcaron o traballo e a vida, achegouse preguntando con voz angustiada que era o que pasaba.

A rapaza respondía coma berrando: Non podo máis! Non podo co peixe! E volvía chorar...

A vella ordenoulle: Ti espera aquí! Non te movas!

Pasados uns minutos eternos comezaron a chegar mulleres de todas as idades. Unhas mercaban un peixe outras un cambo deles e nun curto espazo de tempo a cesta estaba baleira de peixes e de Grazas!

A cara da regateira-rapaza irradiaba felicidade que nos contaxiou a todos, pequenos e grandes.


Baixaba coa cesta cara a praia que parecía que voaba...

Pasou os anos afogando a dor nas bágoas da soidade silenciosa da

noite ata que a luz dun amor fundiu as cadeas da áncora e, arrastrada polo vento do norte e a marea, recalou na Praia de Bueu.

... E teño que confesar unha cousa: dende aquela, e sendo rapaz, aforraba uns réas para cando viñan as regateiras, vencendo a timidez, mercarlle unha... pero a máis grande das rinchas!...

Pensando nela e en todas as que tiveron que vender peixe para axudar aos seus...



Regateiras

### Regateira

*Praia que acolles o peixe  
entretecendo patelas  
de fame e fartura  
con mans de muller.*

*Grazas!*

*Por amosar en camiños e rúas  
a suor das ondas da noite  
ti que es mariñeira da terra  
afondando na memoria  
do mar.*



\*Consecuencia da homenaxe ás Regateiras por parte do CIM do Concello de Bueu co gallo do Día Internacional da Muller traballadora

O BICHERO  
LOIS DAVILA



O BICHERO  
LOIS  
DAVILA



## ► Popa ao Gran Sol

*Hai xa uns cantos anos, Manuel Pérez Fernández “Nolo”, patrón de pesca, veciño de Bueu, amigo de todos aqueles que traballan na recuperación das embarcacións tradicionais de Galicia, fíxome o favor de reunir, arredor dunha mesa dun garito do Berbés, a un fato de*

*veteranos do Gran Sol. Estas foron algunhas das historias que me contaron aquel día, ao fio da hora do vermú, e que agora recupero en lembranza e homenaxe a Nolo e a todos os mariñeiros que navegaron naqueles barcos de madeira tripulados por homes de ferro.*

-Non, non! A mín ninguén me dixera nada de cómo era o Gran Sol.

-E non ouvira falar dos perigos das súas ondas, dos temporais, das condicións de traballo a bordo?

-Nada, nada! Todo iso que me di comprobeino despois, “sobre el terreno”, como se dí agora.

-E qué comprobou?

-Pois o que comprobei foi que aquilo era unha escravitude.

Aos quince anos de idade, Antonio Vidal, que xa camiña polas corredeiras dos 80, estreábase na pesca de altura, e facíao no máis rico, e perigoso caladeiro do mundo, o do Gran Sol.

Estamos en 1941, había dous anos que xa comezara a Segunda Guerra Mundial e o alto mando alemán ordeara ametrallar a todo canto flotase por aquelas augas. Pero ata diso se enterou Antonio despois de embarcar: “Xa non me acordo moi ben se o barco no que andaba era o “Ifigenia” ou o “Angelina”, pero do que sí me lembro é de que estabamos traballando

fronte ao Canal da Mancha cando, de súpeto, ollamos un avión sobrevoar por enriba do barco e, despois de dar varias voltas, comezou a lanzar uns papeliños que, como axiña nos decatamos, eran uns folletos nos que se nos informaba de que, a partir do 1 de xullo, todos os barcos que estivesen faenando naquela zona serían ametrallados ata afundilos... sen aviso previo!


-E qué fixeron vostedes?

-Pois, como aínda nos quedaban uns cantos días para que rematase o prazo que deran os alemáns, apuramos ata o derradeiro momento para procurar encher o barco de peixe ata o máximo que puidemos. En canto o conquerimos, marchamos!

-E libráronse dos alemáns...

-Ha, ha! Iso pensamos. Pero resultou que, cando estabamos como a cen millas do porto da Coruña, xa de volta á casa, ollamos outro avión alemán que, como fixera o que nos avisara no Canal, tamén andaba a dar voltas sobre o noso barco pero, desta vez, non

Salvador Rodríguez



Escultura de Molares aos mariñeiros do Gran Sol.

nos lanzaron papeliños, non! O que fixo foi tentar afundirnos a metrallazos. Menos mal que non insistiron moito, que senón...

Daquela saímos vivos de milagre!

-Do que si se acordará, ao mellor, foi dos cartos que gañou por aquela marea.

-Acórdome perfectamente! Nin unha peseta, nada!

-Como que nada?

-É que daquela os que embarcamos de aprendices non cobramos nada. A mín, a aquela marea no Gran Sol levárame meu pai, para que aprendera...

Nos tempos en que Antonio Vidal embarcara de aprendiz, aínda existían barcos que navegaban a carbón, non tiñan puente e ata adocían de telefonía; eran os tempos da parella -dous barcos e un destino- e somentes un dos dous estaba provisto dun rústico aparello ao



Foto: V. Carrera



Foto: V. Carrera

entón botabamos man dun menú ao que acabamos por inventarlle un nome: chamabámolo patacas viuvas, o que non eran máis que patacas cocidas cun chisco de pemento.

Á hora do xantar, xai máis adiantados os tempos do Gran Sol lexendario, o cociñeiro botaba a comida nunha “palangana común” sobre a que se espallaba, en círculo, toda a tripulación... menos os que estaban de garda. “Non é que non houbera pratos -clarexa Manuel. Pero poñíamonos sentados todos arredor da palangana de maneira que a cada un lle correspondese un “sector”.... E probe de quén tivese a temeridade de meter o seu garfo nun sector que lle correspondese a outro mariñeiro!

Daquela as mareas duraban... Ben, asegún houbera boa pesca ou non, poñamos que entre os 16 e os 20 días, catro ou cinco deles en ruta, entre os de ida e volta: “Chegabamos a terra e tiñamos que descargar nós mesmos o peixe; descansabamos unhas 48 horas, isto é: dous días na casa e outra vez a embarcar.

que hoxe podemos chamar emisor, pola que, a traveso da escoita dos partes meteorolóxicos da B-BC, a tripulación podía ter unha lixeira idea de por onde había que capear os temporais. As tripulacións daqueles barcos estaban formadas por uns trece ou catorce homes, e Manuel Pérez Fernández, de 77 anos, asesóranos da súa distribución: un patrón de costa, un patrón de pesca, un xefe de máquinas, tres fogoneiros e sete ou oito mariñeiros.

-E o cociñeiro?

-O cociñeiro? Ah, iso de levar un cociñeiro a bordo foi máis tarde! Nas tripulacións do Gran Sol dos anos 40, cada día tocáballe a ún facer a comida.

A comida. Vaia asunto. Os vellos lobos do Gran Sol son quen de contar milleiros de historias, e a maioría delas xiran arredor da comida, tremebunda cuestión: embarcábanse para gañar cartos e poder comer, pero cando xa estaban a bordo...

-Comíase mal, moi mal, esa é a verdade -conta Vidal- Os mariñeiros do rancho de proa levabamos un litro de aceite que debía durarnos toda a marea e, claro, ha-

bía que racionalo, botarlle unha pinguiña de cada vez. Pero se a marea duraba máis tempo do que tiñamos previsto porque ao mellor era de boa pesca, non nos quedaba máis remedio que substituír o aceite por graxa derretida de congro ou de ollomoles... que por certo cheiraba que tiraba para atrás!

-É que cando a marea duraba máis do que estaba previsto... entón viña a “crise” -engade Manuel- Falta o aceite, si, pero tamén faltaba o pan, faltaban as patacas, e tamén faltaba a auga, de maneira que moitas veces tiñamos que derreter o xeo para poder beber, e o peixe que tiñamos a bordo asabámolo á grella, tal e como viña, sen condimentos. Ese peixe comíámolo cun chisco de pan que xa estaba pringado de barolo.

-Iso si que era unha crise...

-E había outras -di Manuel-

Cando íamos en ruta e sen peixe a bordo, nen sequera en salgadura,




E así todo ano”, -describe Antonio Armada.

-Iso debía ser agobiante...

“A todo te acostumas. E chega un momento en que ata botas de menos o mar. A mín, dende logo, tenme pasado. Cando, polo que fose, tiñamos que deixar pasar dúas





ou tres semanas co barco en varadeiro, a verdade é que estaba tan afeito a aquel ritmo de vida que ata estaba desexando volver ao mar. É que no mar daquela non protestaba ninguén...” Isto cóntanolo Enrique Pedrosa, o mariñeiro máis novo da xeración do Gran Sol que fala nesta xuntanza.

Enrique comenzou a traballar no Gran Sol nos anos 50 do século pasado, pero tamén coñece historias de ratos e cascudas, indesexábeis polizóns, dos que tamén sabe Nolo: “Non, daquela aínda non había camarotes individuais, durmíamos todos xuntos, o mesmo que comíamos arredor da palangana, vaia!. Cada quen no seu catre, que medía máis ou menos uns 60 centímetros de ancho e 1,70 metros de longo”.

-Eran como ataúdes!, intervén Antonio Armada.

-Iso, como ataúdes -prosegue Nolo-. O “colchón” estaba feito con follato, xa sabes, follas secas do millo. E alí era onde durmíamos todos... se nos deixaban os ratos, claro, porque non era raro que, nestas, espertaras notando a carreiriña dunha rata por enriba de ti... A máis dunha lle larguei unha ostia pra quitarma de enriba!

-E as cascudas?

-Aquelas cascudas do Gran Sol eran listísimas -suliña Manuel /Nolo-. Eu entereime alí de que a cascuda é o animal que mellores antenas ten: cando facíamos, como prato especial, caldeirada de peixe sapo, o cocifeiro chamábanos a comer pero, cando nos achegábamos preto da palangana, atopabámonos con elas... que chegaran antes ca nós.

As bichas aquelas facían un ruído coas antenas que ata semellaban helicópteros. Poñíanse a cantar coma os grilos... Ben se miraba que debía de gustarlles tamén a elas a nosa comida especial!

O Grand Sole está situado entre os paralelos 48 e 60. A súa denominación orixinal significa, en francés, “O Gran Linguado”.


Os ingleses e irlandeses chámalle Iris Box e, os galegos, Gran Sol.

“Eu xa sabía que o nome proviña do francés -confesa Manuel-, pero non tiña moi claro o seu

significado. Coidaba que se debía a que, cando estás alí, os días parécenche máis longos, porque hai máis horas de luz, máis sol, por iso un dos detalles dos que te decatabas nas singraduras de regreso é que, a medida que te achegas a Galicia, á casa, as horas de luz diminúen e, polo tanto, as horas de navegación, de noite, fánse máis longas”.

O Gran Sol rexistra, estatística e historicamente, o máis alto índice de naufraxios sufridos pola flota pesqueira galega en todos os tempos. É, xa que logo, un caladoiro lexendario, si, pero tamén maldito.

Cada un de todos estes amigos que falamos conosco mirouille os ollos á morte nalguna daquelas arriscadas mareas, e aínda agora, cando xa hai tempo que o deixaron atrás, á popa das súas vidas, abrollalles a dor polos compañeiros, amigos ou parentes que non regresaron endexamáis.



O caladoiro do Gran Sol e as áreas de pesca



## ▶ As ostras


Arturo Cidrás

Falar de ostras<sup>1</sup> ou ostreiras naturais no mar galego e máis concretamente de Bueu é tirar do “mar da memoria”. Só os máis vellos lembran algo que se puidese considerar de certa relevancia no mundo da ostra.

Pero antes de nada imos facer un pequeno percorrido polas memorias documentadas con respecto a este tema no noso país.

Os primeiros trazos do consumo de ostras na contorna atopámolas nos concheiros dalgúns asentamentos litorais dende hai máis de 3000 anos nos que co paso do tempo apreciase un aumento dos restos de bivalvos (ostras, mexillóns,...) en detrimento dos gasterópodos coma os caramuxos... Desta documentación dedutiva natural damos o salto ao mundo grego<sup>2</sup> e romano que de forma clara e explícita citan os seus eruditos a presenza abundosa deste molusco nas nosas costas. Dos primeiros que temos constancia é de Posidonio (135 a.C-57 a.C) que o recolle Estrabón (64 a.C-24 d.C) no seu libro “Xeografía”<sup>3</sup> gabando tamén as nosas ostras.

“É na cultura castrexa onde se documenta con maior rigor e precisión o aproveitamento do mar na súa dobre faciana de marisqueo e pesca” (Vázquez



Natureza morta con ostras. Gustave Caillebotte

Varela). Afirmación avalada polas conclusións das excavacións en asentamentos castrexos feitas, sobre todo, a finais do século XX e principios deste que fixeron unha grande achega documental. Esta mesma cultura que nos leva, e ata se funde, cos romanos<sup>4</sup> no noso territorio. Moitos son os cuncheiros castrexos litorais nos que hai restos de ostras e na maioría deles chega a ocupar entre 4º e 5º posto de media na porcentaxe de todos os moluscos atopados.

Da época romana temos tamén referencias da abundancia e do consumo deste prezado manxar nos mares galegos en autores como Caio Plinio Segundo “Plinio O Vello” (24 d. C.-79 d. C.)<sup>5</sup> e Marco Valerio Marcial (40 d. C.-104 d. C.): “...ostras copiosísimas e de tamaño extraordinario pola súa magnitude, así no mar de Galicia...” (Fernández González: 1891, p. 460).

As ostreiras chegaron a formar parte das doazóns reais como a de Ordoño II ao bispo de Mondoñedo no ano 916 (Bartolomé Calderón:1903;103).

Referíndose ao século XV podemos ler “*Outra fonte inesgotábel ofrecían os mariscos. En primeiro lugar, as ostras de Galicia, xa dende os máis remotos tempos, tiveron fama universal*” (López Ferreiro: p.192). O escritor coñecido coma o Licenciado Molina constata na súa obra “*Descripción del Reyno de Galizia*” que no século XVI as ostras aínda abundaban nas costas galegas.

No século XVIII, Sarmiento evidencia no libro “*De historia natural y todo género de erudición*” a presenza habitual da ostra nos mercados tan afastados da costa como o madrileño. Ata fala das distintas formas de consumilas...<sup>6</sup>

Antes de comentar acerca das ostras no século XIX quixera facer un pequeno preámbulo lembrando ao amigo e compañeiro Manolo Omil, confidente en moitas das anécdotas do seu querido Bueu cando mirándome “pelexar” coas ostras que tiñamos nu-



Lonxa e venda

nha batea dentro do programa “Aulas de Acuicultura”<sup>7</sup> falábame dun grande banco de ostras fronte á praia de A Roiba: “Cando eramos nenos collíamos unha morea en pouco tempo, e grandes!” Eu que andaba daquela coa máxima “... e do que che digan menos da metade...” pensaba que era un pouco como a resposta do pescador: “...era así de grande!...” Quedeime co relevante do que Manolo dicía: “Nun tempo houbo unha importante ostreira na Roiba”.

Anos despois, e lendo “Exploración científica de las costas del departamento marítimo del Ferrol” (1870) de Mariano de la Paz Graells y de la Agüera, no capítulo de “Ostreras naturales y artificiales de Galicia”, páxina 60 e nun discurso de botarlle a culpa de case todas as desfeitas aos de Pontesapaio atopo que di:



Bodegón das ostras. Ossias Beet

“Fronte de punta Robaleira, en fondo de area, hai outra ostreira natural de grande extensión que, ao dicir daqueles pescadores, foi tamén destruída polos de Ponte San Paio, abundando agora máis a vieira que a ostra”.

Se a desfeita da ostreira citada fóra antes de 1870 quere dicir que se recuperou e que a partires de mediados do século XX volveu a ser esquilhada...

No mesmo libro dá solución para repoboar os bancos empobrecidos: limpalos fondos e provelos de colectores con ostras nais. E segue dicindo “Con todo, para coadjuvar a esta obra, precisa elixir tamén un banco reservado para a cría de ostras nais, que opino pode ser o situado preto Punta Robaleira, titulándose Bueu-Robaleira.-Ría de Pontevedra n.º 3”. E como medida de vixilancia : “Na enseada de

Aldán bastará un bote. A Ría de Pontevedra precisa dúas lanchas como a de Vigo; ... A primeira deberá estacionarse en Bueu, onde está marcado outro campo de reprodución...” Pero non so hai ostra na Robaleira senón: “No mesmo cabo de Udra marcan os pescadores un banco natural e outro en punta Manrisca (Mourisca), ... de 800 brazas de longo por 400 de ancho. Están sobre rochas e é difícil a súa explotación...”. A pesares de todo isto... “A ostra non escasea tanto na Ría de Pontevedra como na de Vigo,... e segundo os informes que me deron, a maior parte dela que se vende e escabecha en Vigo mesmo, procede da que collen os pescadores de Marín e Bueu.”(Mariano de la Paz:1870)

Sinalar que a finais do s. XIX e inicios do s. XX, e ante o espolio dos seus recursos ostrícolas, os concellos tiveron que intervir para prohibir a extracción de ostra que non fora para o consumo da comarca (Bartolomé Calderón:1903; 104) xa que moitas das veces extraíanse grandísimas cantidades non só para exportar para consumo senón cría para repoboar noutras costas coma Bilbao, Arcachon (Francia), etc. Resulta desta espoliación foi o que fixo que o estado comisionara a Paz Granell para establecer parques ostríferos no litoral norte da península.

Nos anos cincuenta e sesenta do s. XX hai constancia oral<sup>10</sup> e escrita<sup>11</sup> de colleita de ostras nas “Maceiras de Mourisca, por fora da Ajuda, na Abra de Bueu,... A Cova, Raxó, Sanxenxo,...” e tamén ían a outros puntos máis afastados coma Cíes, Samil... “onde as collíamos en piñocas de moitos quilos...”

Había regateiras<sup>12</sup> en Bueu que entre peixe e mariscos, mercaban ostras e vieiras, que como no caso de dona Josefa González Rúa, remitían a Arcade no coche de Manuel Ríos, “O Pitorro”.

E falando de Arcade algúns din que o evento máis importante ao redor da ostra, dáse nese pobo coa Festa da Ostra que dende 1987 trata de potenciar o seu consumo. Unha ostra que é sementada en viveiros e que adquire no seu crecemento nas nosas augas as calidades que a fan tan apreciada.

Rematar dicindo que ao redor da ostra hai todo un mundo non só culinario senón comercial-industrial, ... de paixóns<sup>13</sup>, ditos<sup>14</sup>, da arte<sup>15</sup>, da literatura<sup>16</sup>... Mundo que podeades explorar, máis con coidado que co remuíño que produce pódevos abducir para sempre... e “as ostras non esperaban a ninguén no fondo do mar” (José M<sup>a</sup> Panero).



Recolectando ostras en Pontesampaio

## Notas

1. En vez de comentar que a ostra é un dos mariscos máis prezados... ou que pertencen ao Reino: Animalia, Filo: Mollusca, Clase: Bivalvia (ou Lamelibranquios), Orde... quero consignar a definición que dá a Real Academia Galega: "*Molusco mariño da clase dos lamelibranquios, de cuncha rugosa e irregular, que vive a pouca profundidade unido ás penas ou enterrado na area, moi apreciado pola súa carne e do que existen diversas especies*" en contraposición aos que, por exemplo Aristóteles, as consideraba case *zoophytes* (animais-prantas). Aínda que penso que o que facía non era definir senón comparar e aproximar atributos ou facultades xenéricas en canto á mobilidade, nutrición,... pois no "*De partibus animalium III*" cando di "...*quasi plantae ostrea terrena, ostrea plantae aquatiles sint*" que en tradución contextual do P. Feijóo (Benito J. Feijóo: 1775; p.189) "...*as plantas son as ostras da terra, e as ostras as plantas da auga*".

2. No século V antes de Cristo había en cidades como Atenas, Mileto, Megara,... a coñecida coma "*Ley do ostracida*" que consistía nunha Asemblea anual nas que o pobo votaba, poñendo o nome nunha cerámica ou nunha cuncha de ostra, a quen considerara susceptíbel dun desterro ou "ostracismo". Se se daban as condicións de número por algún candidato (non se publicaba o nome) repetíase a votación dous meses despois e de conseguir maioría absoluta algún nome este tiña que marchar da cidade por un período de dez anos.

3. Tomo III dedicado a Iberia.

4. Sinalar que cando o romanos navegaban ou se asentaban polas costas da Hispania xa coñecían e tiñan en grande estima o consumo das ostras. A novidade é que, sen contar coa explotación das ostreiras naturais, a partires do ano 100 a. C. hai constancia dos viveiros de ostras que puxo en funcionamento Cayo Sergio Orata no lago Lucrino preto de Nápoles polos preitos polo uso do lago co publicano Considio divulgado por Valerio Máximo ou polas súas piscifactorías e viveiros por Marco Terencio Varrón en "*De las cosas del campo*", ou por Columela (*Libro de agricultura* 8 capít. 16), Cicerón, Plinio,...

Tamén hai quen atribúe coma descubridor do método de conservación das ostras a un patricio chamado Apicio que viviu sendo emperador o hispano Marco Ulpio Trajano.

5. Estivo destinado en Hispania como "Procurator metallo-rum"; é o mesmo que citaba a Ons coma Aunios,...

6. "...*comidas crúas e frescas na mesma cuncha, é bocado regaladísimo para a xente moza... Crían os romanos que o mellor guiso de ostras era comelas crúas, vivas e frescas*". Incluso dá outras receitas e formas de consumilas: "...*asar as ostras na súa mesma cuncha, e botarlle zume de limón e un pouco de pementa. Cómense só cocidas; cocidas e guisadas; en tortas e en sopa; cómense fritas, frescáis con allo que servirá para o escabeche; e, finalmente, cómense escabechadas...*"

7. Aulas de Acuicultura (1986-95) onde o alumnado e profesorado do Colexio Público de Bueu, en colaboración coa Confraría de Bueu (Antonio Pereira, Enrique,...) e a Consellería de Pesca faciamos estudos da contorna mariña, da pesca e do marisqueo en xeral... no só na aula senón tamén nas praias e no mar onde tiñamos cordas con ostras nunha batea fronte a praia de Beluso.

8. Dáse o caso como na ostreira de Raxó e nas dúas de Sanxenxo eran explotadas unicamente polos mariñeiros da zona para consumo da mesma, e de forma ocasional, cando non tiñan outros labores de pesca. Máis cando a ostra comezou a esgasear en Marín e Pontesampaio foron con rastros e a esgotaron. (Cesáreo Fernández: 1869).

9. 15-7-1869.

10. Coma os queridos confidentes Manolo Ríos, Josefa González, Manolo Omil,... como tamén o foron Boby e Miguel Loira. Grazas a todos!

11. Rexistro de Lonxa no Arquivo Municipal de Bueu

12. Profesión homenaxeada neste ano polo CIM do Concello de Bueu polo día Internacional da Muller traballadora.

13. Como lle ocorreu a miles de persoas ao longo dos séculos. Curioso é o capítulo "Hombres ilustres apasionados por las ostras" (Cesáreo Fernández: 1869, p. 465).


14. “Estás máis pegado cunha ostra”, “Aburrirse como unha ostra”, “Tes menos futuro cunha ostra con limón”, “Quen non quere nin as ostras, nin os espárragos, nin o bo viño, nin ten nin alma nin estómago” (Hector Huggues), “É máis fácil abrir unha ostra sen coitelo que a boca dun avogado sen honorarios (B. Holyday), ...

15. No caso da pintura: “Natureza morta con ostras” hainos de distintas épocas coma a de Gustave Caillebotte (1881), de Henry Matisse (1940) ou de Roy Lichtenstein (1973); “Still life (The dessert)” de Pablo Picasso; “Bodegón con ostras” de Onofrio Loth; “Comiendo ostras” de Jacob Lucasz; “Bodegón” e “Natureza morta con ostras e pasteis” de Osías Beet; “Las ostras” de Georges Braque; “Pescado y ostras” de Edouard Manet; Muchacha con ostras” de Jan Haccicksz; “La comedora de ostras” de James Ensor; etc.

16. Moitos son os poemas xa dende a antigüedad clásica ata os nosos días que teñen a ostra coma fío dos mesmos: “Melancólica muerte del chico ostra” de Tim Burton; “La ostra” de Amaya Martín; “La ostra” no libro “Poemas” de Cástulo Gregorisch; “Oysters” de Seamus Heaney; “Las ostras” no libro “El silencio de la luna” de J. Emilio Pacheco; ... de José M<sup>a</sup> Pánero, etc.

O mesmo poderíamos dicir dos outros xéneros literarios “La ostra se aburre” de Ana Luisa Ramírez (2011); “Os tras para Dimitri” de Juan Bas (2012); etc.

Aínda que se teño que quedarme con algún sería co conto de Antón Chejov “Las ostras” no que retrata a fame da Rusia do s. XIX utilizando a imaxe dun neno contemplando o cartel nunha taberna que vendía ostras...



## Bibliografía

-Calderón, Bartolomé. Artigo “La riqueza ostrífera en la costa del Ortegal” en “Almanaque Gallego” 1903. pp. 101-109.

-Chao, Eduardo “Manual de ostricultura”; “Creación de una riqueza millonaria en las costas de Galicia” en El Miño do 5-4-1866. “La ostricultura en Galicia” en Ilustración Gallega y Asturiana. T-II do 18-5-1880 pp. 174-175

-Cornide, José. “Memoria sobre la pesca de sardina”. Madrid, 1774. Facsímile Edición de Calo Lourido. Consello da Cultura Galega.

-Feijoo, Benito Jerónimo (1676-1764). “Teatro critico universal ó Discursos varios en todo género de materias para desengaño de errores comunes” Tomo III Madrid. 1775. 430 p.

-Fernández, Cesáreo “Anuario de la Comisión permanente de pesca para 1869”. Madrid 1869. “Ostricultura” pp 160-279.

-Fernández y González, Francisco “Primeros pobladores históricos de la península Ibérica...”. El Progreso. 1891.

-Licenciado Molina. “Descripcion del Reyno de Galizia”. Mondoñedo, 1550.


-López Ferreiro. “Galicia en el último tercio del s. XV” Tomo II. A Coruña 1897. 402 p.

-Mateo, Antonio. “Manceps, redemptor, publicanus”. Santander. 1999. 206 p.

-Paz Graells y de la Agüera, Mariano de la. “Exploración científica de las costas del departamento marítimo del Ferrol”. 1870. 540 p.

-Sarmiento, Martín. “De historia natural y todo género de erudición”. Obra de 660 pliegos. Volumen II editado por Henrique Monteagudo. 2008 Santiago de Compostela. 253 p.

-Vázquez Varela, J.M. e Rodríguez López, Carlos. “El aprovechamiento de los recursos marinos en la prehistoria y la antigüedad de Galicia. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Páx. 335-365.



## ► Homenaxe aos náufragos

Ana Gil



Afundimento do "Mar Nosso"

Cada ano, nesta revista, facémoslle unha modesta homenaxe aos náufragos dunha embarcación máis ou menos coñecida, sempre gardando relación con mariñeiros de Bueu ou cando menos do Morrazo.

Pero este ano non queremos limitarnos só a este entorno e lembráremos esta vez de todos, enviando dende estas follas unha solidaria lembranza para os familiares dos que máis recentemente perderon as súas vidas tan perto da casa.

**10 de marzo: Santa Ana**, un arrastreiro de 35 metros de eslora. Era un pesqueiro galego con bandeira portuguesa que, facendo a campaña da xarda ou cabala en Asturias, embarranca contra a illa da Herbosa perto do Cabo Peñas. Nove tripulantes e só un sobrevivente.

**2 de abril, Mar de Marín** (na ría de Vigo). Outro arrastreiro con base en Marín. Un estraño e inexplicable choque entre o pesqueiro e o mercante Baltic Breeze, faino afundirse en poucos minutos. Resultado: dos dez tripulantes, cinco sobreviven e cinco faleceron.

**17 de abril: O Mar Nosso**, de novo un arrastreiro de 183 toneladas e 32 metros de eslora, con base en Marín e de bandeira portuguesa, naufragaba tamén en augas asturianas. Doce tripulantes, cinco mariñeiros galegos e dous portugueses, sobreviven, outros cinco perecen.



Mar de Marín

Non abundará unha xeración, nin dúas... para que todos eles sexan esquecidos. Seino por experiencia.

Hoxe en día vemos como moitos logros ou privilexios sociais van desaparecendo. Por culpa da crise, dinnos, aínda que non é así exactamente... Hai certos matices e intereses en cada logro perdido. Sempre desaparecen por algún motivo, conveniencia ou interese de alguén.

En honor aos nosos mariñeiros queremos facer unha reflexión. Moitos anos atrás existían unha serie de centros, internados, onde se acollían as fillas e fillos de todos estes náufragos. Eran os colexios dos fillos e fillas do mar :

**-Residencia en Mosteirón, Sada (A Coruña) Este era o internado feminino que dependía do Instituto Social da Mariña, ISM. Hoxendía, chámase CEIP Mosteirón e depende da Xunta ( Consellería de Educación e Cultura) como todos os demais colexios públicos no que quedou convertindo.**

**-Residencia de orfos do mar en Panxón (Vigo) Colexio masculino.**

**-Colexio Picacho en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).**

Todos eles deixaron de facer a función social para a que no seu momento foron creados. Neste caso non foi a crise a causante de dita desaparición. Tampouco é porque xa non queden orfas nin orfos hoxendía. Foi algo planeado?, programado?, desexado? Ou quizais deixadez, desinterese? Logo... a quen lle pode interesar ou beneficiar esta desaparición?

Ás veces parece que a sociedade retrocede en vez de avanzar. Se cadra, en vista do que estamos a vivir, pódese pensar en volver a recurrir a este tipo de centros. Orfanatos, si, poida que non soe ben, pero cumpriron con creces o seu obxectivo. Sen dúbida contribuíron a educar e formar a un colectivo de nenos e nenas que, dadas as súas desgrazadas circunstancias, quedaban en grave risco de exclusión social.

Todos aqueles mariñeiros mencionados ao principio deste artigo, tiñan familias.

Algúns seguro que fillas ou fillos. Necesitarán o apoio dunha institución similar ás mencionadas?

Que podemos facer por eles nestes tempos de crise que nos toca vivir? A quen lle compete atender tal demanda?

## ► A necesidade do lugar



Había unha mancha de estacións ata esta primavera serodia que non me sentaba no penedo de Pescadoira, e achegueime polos arredores co propósito de pasar unhas horas nesa paraxe, como tantas veces acostumara a facer sendo un neno, sen máis que argallar que deixar pasar o tempo recordando. Hai anos que veño analizando as impresións que na elaboración de certos resgos da nosa personalidade aportan as contornas que habitamos e os acontecementos que transcorreron nelas. Que esas circunstancias coincidan coas idades das primeiras aprendizaxes e experiencias da nosa vida concédennlle a eses feitos un carácter primixenio fundamental na elaboración da nosa memoria emocional. Determinados arumes e cheiros, sons, manobras; os humildes xogos que agochaban propósitos de aventuras máis arriscadas, sucesos que nos prenderon na ollada a curiosidade polo saber, acadan co paso dos anos o relevo da topografía do espazo onde estabamos

cando vivimos ou soubemos dese suceso, que ficara asociado a unha data e a un enclave como sinaturas de autenticidade.


Estabamos nese lugar do que falaba Cervantes, de cuxo nome el non quería lembrarse, e que está emparentado con todos os lugares dos que a oito botamos man para situar unha sensación, incluso unha emoción, que logra todo o seu sentido a través das palabras coas que nos propoñemos expresala.

Xaime Toxo

*Aos amigos mortos,  
ás ruínas desaparecidas.*

Para min termos como queimacasas, serrán, buraz ou miñoca estarán eternamente emprazados no penedo de Pescadoira, porque foi nas súas gretas, laños e fendas onde adquirín a conmoción que de neno che produce a materia en movemento, unha consistencia orgánica de existencia irrepetible.

O amor polos territorios vaise transformando a medida que envellecemos nunha simbiose de admiración, comprensión e permanencia, ata de supervivencia. Vivimos coa intención de regresar a eles, porque son o único que permanece dun mundo que inexorablemente muda, e que dalgún xeito nos acompaña no proceso da propia extinción. A necesidade dunha paraxe devecida vén a ser o primeiro gran sinal do recollemento sobre nós mesmos que nos impón o transcórre da vida. O feito de medrar, de saír da nenez, converte o coñecemento dos outros nunha simbiose



Praia de Pescadoira

sen retorno, empezamos a ser un elemento incorporado a un destino compartido. É certo, por evidente, que pertencemos a un tempo actual, presente, mais tamén a outros tempos nos que os mortos xogan un papel fundamental, o elo da cadea que devagar se vai afundindo no

forza dunha chamada ancestral. O alento que emanan as pedras. Seguramente, a idea de Galicia nunca resulta tan epidermicamente sensible como no recitado telúrico e coral do poema Letanía de Uxío Novoneyra. Por que Rosalía consegue apreixarnos na luminosidade da pre-

Attilio, a gamela é de alguén, non vou dicir de quen, nós, por suposto, temos nomes ou alcuños, tampouco os vou escribir. Por que? Porque o que me interesa é a praia e o momento. Nese espazo e neses acontecementos, o da rapeta, o das fogueiras equinociais, os aparellos deitados a secar, o cheiro das patentes nas brochas, os lusco fuscas silandeiros das ondiñas a mollar os pés, os baños do verán, andar a pillar ameixas, croques e navallas, construíuse unha parte do que son e que me acompañara ata que a miña consciencia esvaeza.

A necesidade do lugar, como a sombra vivificante dunha carballeira nun serán caloroso, permite que nos recoñezamos no devalar que inauguramos cos primeiros recordos da nenez, o comezo do camiño. Sendo moi velliño preguntábanlle a Eric Kandel, un neurólogo norteamericano de orixe centroeuropea, premio Nóbel de Medicina no ano 2000 polas súas investigacións sobre procesos moleculares que son a base para o aprendizaxe e a memoria.

Fixéronlle a seguinte pregunta: que lembranzas garda vostede da súa infancia en Viena? El calou un momento, fixo unha viaxe polas conexións neuronais máis remotas cara ós feitos ocorridos 70 anos an-




abismo do esquezo. Mais non só os humanos desaparecidos que festexaron con nós celebracións, momentos ditosos, encontros e arredamentos, fraternidades indisolubles, completan a orfandade que herdamos coas perdas. É certo que estamos asociados aos mitos do tempo, as modas constrúen con nós delirantes decorados de monicreques; pero tamén, dun xeito inexorable, estamos amarrados aos escenarios e aos vocábulos que os describen coa cadencia das badaladas, do renxido da madeira espartándonos pola noite, co zoar das marusías; ou ficamos apañados nalgún arrecendo que nos fai pechar os ollos para atopar mellor o recordo que esvara na dúbida ou na confusión; son, todas elas, impresións que nos abaten contra un estado de saudade espiritual e resoan coa

cisión absoluta e dunha atemporalidade cósmica cuns versos que nomeamos como unha ladaíña panteísta: *“herbiñas do camposanto / onde meu pai se enterrou/herbiñas que biquei tanto”*.

Pasear polas palabras coma se abalásenos no vogar lento da gamela, mergullando os remos nas xerfas. escoito a alguén pronunciar *“sía a modo, sía a modo”* e véñense enriba unha escena de rapeta arrastrada polo fondo do mar, de mans cobrando dos chicotes na praia, de voces airadas, de copo fervendo e de nenos que corriamos cos pantalóns refucidos nas canellas.


A praia por suposto é a de Pescadoira, o punto exacto podémolo situar a uns metros do peirao de



Con do Cabalo



tes, e contestou: *"Eu era moi neno, pero lembro perfectamente como corría polas rúas rodeado de xente o día que Hitler entrou en Viena. Era marzo de 1938. Aquela xente quería admiralo e saudalo. Atopeime co mellor amigo da escola quen, ao intentar achegarme onda el, comezou a recuar, mentres me dicía: meu pai prohibiume falar contigo porque es xudeu"*. Son os recordos dunhas rúas, dunha cidade a rebordar de barullo, da inocencia e do engano. Unha aprendizaxe.



Aínda que concibo Bueu como un todo indisoluble, un cubo de Rubik poliédrico e con múltiples caras, hai tres espazos, cuxa pegada en min ten a reelaboración neboenta da fotografía extraviada. Un deles, a praia, xa foi citado neste traballo que escribo para a revista "Os Galos". E cando falo da praia entendede que me refiro a un único areal dende o enleito da Banda do Río deica o penedo de Pescadoira, porque pertenzo a unha das últimas xeracións que puido percorrela case sen obstáculos. Outro é o barrio onde eu vivín, o de Pescadoira, daquela, e aínda que sexa un tópico, un lugar virxinal, pendurado dun tempo estático, permanente, case fílmico, no que podías rebobinar día tras día imaxes calcadas unhas ás outras.

Unha carta mariña de palabras, porque a lingua é outro "locus" que non se pode deslocalizar: tosta, padio-la, estrobo, couso, rizón... A palabra encascar remíteme a unha imaxe tan precisa como real, como as que me rodean agora ao tempo que escribo. No interior dun bidón, alimentado por unha fogueira, ferve un caldo escuro de cascas de piñeiro e de aparellos a tinguir. Un home, aínda que morreu hai anos seu nome permanece en mi, remexe a fervera cun pau; eu, sentado, boto ga-

rabullos no lume e el remexe, a tarde vai caendo, o sol deitase detrás do Con do Cabalo; estou certo de que falabamos con palabras que ordenaban un mundo. Hai momentos na vida na que o tempo deixa de existir e podemos afirmar: eu estiven aquí, son o notario dun cosmos que está desaparecendo. Coñecín o nome dese home, o nome das mulleres que se sentaban nos muros a falar, gardo imaxes das dúas fábricas de conservas, dos tractores carretando peixe, dos montes de croques cisgados na estrada, da escola de Pirigallo, á que eu asistín, e das tendas do barrio e as súas historias. Nada queda diso, da desfeita non logramos indultar nin sequera o mural cerámico máis fermoso que houbo en Bueu, estaba no interior da fá-

brica de Attilio, cunha lenda ao seu pé: **Peixeiros no peirao**. Tampouco salvaron a vida os azulexos da fachada da fábrica de Massó e antes os da lonxa vella, que xa ninguén recorda. A terceira paraxe á que quería referirme é o adro da parroquia de Bueu e, máis que nada, o cemiterio vello. Quixera pregar unha oración laica por esa veiga sagrada, de tanto que me entristece mirala como está. Sei que o noso, Galicia, é un país cruel coa súa lingua, co seu pasado, coa arquitectura tradicional dos seus pobos e cos seus fermosísimos espazos naturais. Na miña pregaría rogo que o que queda do cemiterio perdure, que permaneza e se conserve; que se salve o que resta de muro que se mantén dignamente en pé, tamén se respecten os nichos que aturaron os vendavais da destrución, incluso a única lápida que permanece, coido que testemuña sobranceira e solitaria do que foi o panteón dos nosos mortos. Eu, que por escéptico ou conformista, son de pouco pedir atrevome, e perdoádeme, a propoñer que se faga un parque, incluso aporco un nome posible: **O Parque de Nós**, dunha comunidade encravada nun mascarón de proa diante do mar: O Morrizo, e que fagamos desa paraxe, que posúe unha das visións máis identificables do val do río Bispo, un espazo de recollemento, de encontro, de estancia demorada para a lembranza dos que nun futuro sen nós poidan alentar: que xente tan de proveito a que se preocupou de recuperar e manter este lugar, porque encerra na súa cerna a beleza da memoria transmitida. Amén.

Bueu. Maio, 2014.

## Da ausência

*João Marinheiro*

Quero dizer-te que a tua falta também me incomoda.  
A tua falta também me incomoda porque a sinto.  
E as madrugadas são longas agora que se aproxima o

equinócio de inverno em nós.

Também te quero dizer para que saibas que gosto de receber cartas. Dou-me conta que não recebo cartas faz anos por não ter um porto de abrigo certo. Um endereço postal, um sítio.

Dou-me conta.

É bom escrever. Muito bom escrever, mesmo que seja uma carta a um anjo viajante. Faz tanto tempo que abandonei a escrita em mim, e é preciso que me empurres para voltar às palavras sentidas.

Tens razão, por vezes na loucura que me assiste ando por ruas sem sentido. Os sentidos são os das emoções do corpo, e esse repousa como o velho barco na praia alquebrado.

Observo de longe, sou um espectador furtivo, de ocasião. O velho lobo-do-mar arfa aflito, o peito dói, o ar não chega para oxigenar o coração. Doido, um dia deitou o coração ao mar, jogou-o borda fora por ser um coração inútil. A falta que lhe faz esse coração mesmo velho e inútil.

O lugar dele era ali, bem dentro do peito, onde confluem todos os caminhos, todas as ruas de emoções.

Que importa que sejam de sentido único ou em contra mão. Só se vive uma vez, só estamos no exacto momento no milionésimo de segundo no universo imenso do cosmos, uma única vez. E quando os olhos se encontram acontece um milagre, se é que existem milagres, ou se expliquem. O coração desacerta-se arritmico, e todas as estradas e caminhos são agora avenidas que terminam numa imensa rotunda onde circulamos de mãos dadas em sentido contrário. Os olhos aninham-se uns nos outros e o momento é único. No céu um traço de luz rasga a noite, uma estrela cadente, um desejo, um segredo. Uma jura de amor. Para sempre!

Observo a transformação operada. Cismo. Para sempre é demasiado tempo...

Todos os anjos viajam, para isso tem asas alvas de brancura e brisas leves em nuances perfumadas que deixam rastros, traços de luz, ardência no mar nos dias de lua.

Por vezes eu próprio não sei se serão anjos ou ninfas ou sereias no meio do mar alto, a imensidão húmida que se entranha na pele. Por vezes imagino o toque da pele e a medo estendo os dedos até ao teu contacto breve, electrizante.

Então no universo paralelo, imaginário, desabam os trovões e os raios de luz caem dos céus plúmbeos mergulhando no mar e centenas de

miríades de pequenos flocos de luz tingem o mar em prata e ouro.

As sereias de longos cabelos entoam cânticos enquanto os golfinhos volteiam em acrobacias fantásticas de alegria e suprema sabedoria.

Sente-se no ar e na brisa o aroma dos sargaços, o cheiro do sal, a humidade do mar cola-se na pele como uma segunda pele e o corpo arrefece. O tempo avança monótono e certo na ampulheta, grão a grão, em voltas e reviravoltas.

Por vezes eu próprio não sei do tempo deveria saber, deveria saber olhar o tempo como se olha o horizonte a descortinar uma vela. O mar já não tem velas, é por isso que perdi a noção do tempo. Abandonei os barcos. Foi isso.

Nunca me perdoaste. Abandonei os barcos e abandonei a luta pela sobrevivência dos pequenos e frágeis barcos tradicionais...

Observo o tempo agora a reencontrar o saber e chove.

Pequenas gotas frias que percorrem a vidraça em sentido descendente até formarem lagos confinados ao chão. Parecem rios. Parecem lágrimas e os teus olhos surgem com estrondo por dentro dos meus alagados.

Não quero que chores, as tuas lágrimas são preciosas perolas e eu não mereço perolas. A dor que sinto é uma dor antiga, portanto não me incomoda já, coabita em mim. Não quero que chores a minha ausência, porque um dia volto, cíclico como as estações do ano ou o ciclo das marés.

Preciso de me reconstruir como se reconstrói um barco. Tabua a tabua no lugar certo. Calafetar o coração com estopa e breu, tapar todas as juntas.

Vistoriar o casco, as obras vivas e as obras mortas. O velame. O poleame. Levantar ferro, armar pano, afeiçoar ao vento depois deixar ir, navegar rumo ao alto mar num bordo espaçado e longo, preparar o regresso.

Sei o caminho de volta, todos os velhos lobos-do-mar, tem as estradas e os caminhos escritos nas estrelas, as marcas, as conhecenças a terra numa derrota estimada numa navegação á vista. Todos os lobos-do-mar sabem o norte e a declinação magnética. Os azimutes na carta, os rumos, os desvios da agulha, a altura do sol, os sinais, o voo das aves. Só os mascatos voam, voam, voam, milhares de milhas sem regressarem a terra, só eles nos confundem, porque às vezes nos parecem anjos, só as asas são de cor alterada, mas á distância de terra é só um pormenor pequeno.

Só os teus olhos são as luzes do farol que nos guia na noite, os viajantes do mar. Se os apagas como encontro as marcas do enfiamento á barra para regressar ao meu porto de abrigo em segurança?

São Paio de Antas Novembro de 2013.

## ► Afrontando o Gran Sol

Iddr Boukarkour  
(Idre Bucacur)



### SAÍDA E RUTA

Antes de saír para o mar, hai que armar os aparellos no barco, colocarlle bolos, cadeas, etc. Estes aparellos teñen que estibarse no seu sitio, a ambos lados do barco e dous no carretel de rede, que son cos que se vai traballar. Tamén hai que gardar as caixas nas que se almacenará o peixe e hai que preparar os casilleiros da bodega para o peixe...

A ruta aos caladeiros do Gran sol, dependendo do tempo e a velocidade do barco, adoita durar 40 ou 48 horas. Pola noite cada dúas horas un mariñeiro fai garda co patrón.

A tripulación do barco consta de:

- 1 patrón de pesca
- 1 patrón de costa
- 1 xefe de máquinas
- 2º maquinista
- 1 cociñeiro
- 1 contramestre
- 5 mariñeiros

### O TRABALLO

Ao chegar aproximadamente aos 48° 40'N e 10° 11'W largamos o aparello. Este barco é un arrastreiro, polo que durante certo tempo vaise arrastrando dito aparello. Como estamos en fondos de 300 brazas (1 braza=1'8 metros) hai que largar 1.200 metros de cable para que chegue o aparello ao fondo.

O lance adoita durar unhas 3 ou 4 horas, dependendo do tempo atmosférico e da zona onde estás traballando.

### CALADEIRO DO GRAN SOL

Via	Oeste de Escocia	237.171	Km <sup>2</sup>
Vib	Rockall	221.751	Km <sup>2</sup>
VIIb	Oeste Irlanda	35.796	Km <sup>2</sup>
VIIc	Banco de Porcupine	88.621	Km <sup>2</sup>
VIIe	Oeste canal ingles /Mancha Occidental	56.404	Km <sup>2</sup>
VII f	Canal de Bristol	18.986	Km <sup>2</sup>
VII g	Norte mar Céltico / Sureste Irlanda	47.629	Km <sup>2</sup>
VII h	Sur mar Céltico / Pequeno Sol	57.080	Km <sup>2</sup>
VII j	Sudoeste de Irlanda - este /Gran Sol	99.432	Km <sup>2</sup>
VII k	Sudoeste de Irlanda -oeste / Oeste de Gran Sol	214.151	Km <sup>2</sup>





Traballamos as 24 horas do día. A manobra de izar e largado de aparello dura aproximadamente media hora. Cando chega o aparello a bordo ábrese o saco e baléirase nun compartimento que está na popa e que se chama pantano. O peixe pasa por unha cinta transportadora e vaise seleccionando cada especie nun recipiente. As vasoiras, pedras, anacos de redes, caixas, ... e as especies que non valen, van de volta ao mar.

Unha vez feito isto hai que desviscerar o peixe (cochalo, quitarlle as tripas), basicamente galos, rape, pescada, martiño, maruca, bacallao... Hai que lavallo ben, un por un, e unha vez limpo empácase en caixas xunto co xeo e lévase ás adegas. Estas están divididas en compartimentos chamados casilleiros. Primeiro bótase neve (xeo) no fondo da adega e vanse apilando as caixas sempre con neve por riba delas antes de colocar outra.

O galo vai en caixas pequenas de 15 kilos, a pescada, o rape e o bacallao en caixas de 30 kilos. Tamén se conxela o polbo, a pota e o calamar empacados en bandexas. Hai que poñelo no túnel de frío durante 6 horas para que se conxele e logo gardalo nas neveiras de conxelado.

Rematadas estas tarefas hai que sacar o aparello do carretel e reparalo, se está roto. Estas operacións debemos facelas rápido para que nos dea tempo a comer ou descansar un pouco, pois o barco traballa día e noite e cada 3 ou 4 horas hai que izar o aparello a bordo. Hai pouco tempo libre, estamos moitas horas seguidas traballando. Normalmente as horas de comer son: as 12'00 do mediodía e as 19'00 do serán, dependendo de se estamos traballando ou non.

Se o mar está calmo trabállase ben, pero cando hai mal tempo, todo é moito máis difícil. Con mar de fondo hai moito balance no barco e hai que ter moito coidado de non caer, ademais de que se moven as caixas e é moi difícil manterse en pé. Normalmente a maré dura 14 ou 15 días, dos cales 11 ou 12 son días de traballo de pesca. Cando volvemos para terra hai que limpar o barco, a cuberta, o parque de pesca, os camarotes, os cuartos de baño, o comedor e a ponte. Hai que medir o cable e desarmar os aparellos para mandalos a reparar en terra.

Como xa dixen: non hai tempo para descansar. Polas noites debemos facer dúas horas de garda na ponte do barco.

### CARACTERÍSTICAS DO BARCO

- 33 metros de eslora
- 7'7 metros de manga
- 900 c.v. motor principal
- 1 túnel de conxelación
- 1 máquina de facer neve
- 1 comedor
- 1 camarote do cocinheiro
- 4 camarotes de oficiais
- 2 camarotes de mariñeiros
- 3 cuartos de baño



## ► Unha "Basca" do curso en Beluso

Xerardo Dasairas



Bisquina

Entre os máis temperáns fomentadores cataláns aparece Joseph Mariano Roura, natural de San Pol de Mar (Xirona), que se instala no Figueirón en Beluso no ano 1765. Sucedeuno nesta industria Josep Roura i Sala, abrindo tamén fábrica no barrio do Areal de Vigo e exportando 3.093 milleiros de sardiña entre 1796 e 1800 o que o convertía nun dos máis importantes da época. Posteriormente sería Juan Roura quen se encargase da dirección destas empresas.

Josep Roura i Sala, igual que outros salazoeiros da súa época, acudiría ao curso para evitar que os seus barcos de transporte fosen asaltados polas naves de países inimigos ao tempo que obtiñan beneficios coas presas capturadas. Neste contexto, Manuel Rodal danos noticia del como posuidor do navío "Santa Victoria", que aquí se rebautizou como "Fortuna", dedicado ao transporte e que por tempadas tamén se aventuraba no curso.

Con motivo dunha destas expedicións, en xaneiro de 1801, establécese un contrato do armador (Roura) cos tripulantes para durante dous meses actuar con patente de curso. A tripulación estaba formada por un capitán (José de Sorachaga) un segundo (José Joaquín de Tellería), un contramestre e un escribente, encargado de levar conta das presas. A mariñería recrutábase por estes, todos sen salarios e suxeitos os seus gaños ás capturas que se repartirían mediante unhas partes e dereitos monetarios estipulados, unha vez devedados os gastos de municións e vituallas.

Non cabe dúbida que resulta interesante coñecer como se fletaban os barcos do curso mais non é este o obxecto do noso comentario senón o tipo de barco que era este "Fortuna" que visitaba con

certa asiduidade a salazoeira dos Roura en Beluso. Pola información que nos suministra a documentación dise que era unha embarcación tipo "basca" de dous paus e 80 toneladas de desprazamento.

Desde o século XVI e a finais do XVII (Cornide), xa aparecen mencionadas nos nosos portos as "basca" e "bascotes" sen que puideramos definir ben a que tipo de embarcacións se estaban a referir. Apuntándonos novamente ao camiño especulativo e dado que o capitán e o segundo do "Fortuna" eran vascos, encamiñamos a nosa pescuda cara un tipo de barco moi popular no golfo de Biscaia nestas datas e con grande predicamento tamén na Bretaña francesa cuxos navíos eran moi habituais en Galicia.

Estamos a nos referir ás denominadas *Bisquines* en francés, nome derivado sen dúbida de biscainas e que na actualidade, restauradas, aparecen adoito nos portos bretóns. Tamén en Beluso aparecen nomes de embarcacións como *rabonas* ou *mitres* sobre os que non temos referencias.



Hai que anotar tamén a preferencia que pola enseada de Beluso tiñan numerosos contrabandistas, a maioría italianos, que adoitaban transportar produtos ilícitos desde Xibraltar ás nosas costas onde eran coñecidos como *carcamáns*.

A comezos de abril do 1822 acontecería un enfrontamento entre catro barcos contrabandistas italianos e o bergantín da armada española "Hermosa Rita" que acabaría encallado e a tripulación apresada en Cabo Udra cando tentaban refuxiarse en Aldán. Finalmente os españois serían liberados e axudados polos paisanos, chegarían a Bueu.



Bisquina con todo o trapo despregado

▶ **imagens para a lembrança**



## ► Addenda ao libro "A bordo das Ons"

Marta Lemos Jorge




A autora e o seu libro

Cando me convidaron a que escribise un artigo sobre a historia das illas de Ons, pedíronme que, de ser posible, ampliase os datos contidos no libro *A bordo das Ons* editado polo Concello de Bueu. Todo o que sei sobre o tema relateino nese traballo, de modo que pouco máis podoo engadir. De xeito que, como non dispoño doutra documentación que a compilada nese traballo, gustárame darlle un enfoque diferente a esa información e así, en certo modo, cumprir coa petición que me fixéron. Tentarei explicar como é a busca das fontes, esa tarefa previa ao desenvolvemento dun libro, artigo ou outro documento baseado na investigación.

Moitas veces temos acceso a datos ou informacións que queremos completar ou verificar, pero descoñecemos a súa procedencia e o xeito de localizala; isto é, polo menos para min, o traballo máis complicado, en ocasións tedioso, outras alentador. Non é o habitual, pero de cando en vez a sorte acompaña ao investigador. Cando se está recompilando información sobre un tema do pasado e non existe a posibilidade de contar coa orientación que poden proporcionar as testemuñas orais, un pode atoparse un pouco perdido. A ausencia de pistas sobre as que cimentar a busca crea unha sensación de desconcerto. Non se sabe por onde empezar ou como continuar para conseguir máis información. Outras, o azar pon no camiño un dato que nos leva a outros e resulta moi gratificante poder enlazar as pezas do quebracabezas.

Este é o caso de gran parte da documentación relativa á etapa filipina do médico Manuel Riobó Guimeráns, pai do último propietario das illas de Ons, Didio Riobó. O arquivo histórico do Ministerio de Asuntos Exteriores garda o expediente completo do doutor de Bueu. Alí consérvanse, ademais da súa folla de servizos, cartas de recomendación, recibos de pagamento de patentes e outros documentos. E con esta substancial achega puidemos reconstruír o percorrido da familia Riobó nas Illas Filipinas. Sabemos así que Manuel Riobó atendeu como facultativo a provincia de Romblón e que alí se enfrentou a serios problemas sanitarios, como as epidemias variolosas e de tifo. E temos constancia das complicacións que tivo que superar, en parte debidas á especial orografía do arquipélago, que o abrigaba a longas viaxes entre illas. Dificultades que refire en diversos documentos que figuran no expediente, redactados do seu puño e letra:

*“Percorrendo as súas vilas e as illas comprendidas na súa xurisdición, apesar de distar algunhas delas 60 millas da cabeceira, facendo viaxes en pequenas embarcacións que ofrecían pouca seguridade, poñéndoo en perigo, ata o extremo de naufragar (...) continuando os seus traballos sen des-*




Manuel Rioboo Guimeráns



canso, día e noite, naquelas monstruosas illas e diseminadas vilas.”

Na provincia de Cagayán de Misamis evitou a propagación de disentería no cárcere público, cuartel do terzo civil de Policía e Compañía de Enxeñeiros.



“Así como manifestacións epidémicas de variola negra, que tan frecuentes eran naquela bisbarra, paludismo nas súas variadísimas manifestacións e casos de cólera esporádica. Tamén socorreu e lles prestou asistencia facultativa aos habitantes de Binitinan, en cuxa rexión se propagou a lepra,

de tal forma que pode asegurarse que foron invadidos todos os individuos alí residentes e os dos seus contornos, chegando a limitar e ata reducir considerablemente o número de atacados”.

Entre as cartas de recomendación que compoñen o expediente figura a de don José Togores y Arjona, gobernador do distrito de Mindanao, que alude aos mesmos feitos:

“En distintas ocasións pasou ao sitio chamado Binitinan (Balingasag), onde viven na maior das miserias un número considerable de leprosos ou lázaros aos que lles prestou relevantes servizos sen remuneración de ningunha clase, demostrando ademais grandes coñecementos da ciencia médica e cirúrxica, a xulgar polas diferentes operación e curas levadas a cabo con éxito neste distrito; na miña palabra nada deixa que desexar no desempeño dos distintos ramos de tan honrosa profesión.”

Cando os mesmos feitos aparecen referidos en varios documentos, serven de confirmación, proporcionanlle veracidade á historia ou mesmo poden engadir informacións adicionais que serven de pistas para continuar coas pescudas. Pero esa duplicidade non necesariamente se reflicte no traballo que as compila. Así, por exemplo, no arquivo municipal de Bueu figuran os documentos de nomeamento dos gardas xurados aos que se refire Manuel Riobó na denuncia ante o Xulgado de Instrución de Pontevedra. Escritos nos que o alcalde Miguel Nogueira Fraguas acreditou como gardas a

Salustiano Rodríguez e a Francisco Pérez. Ambos foron contratados por Manuel Riobó para tentar paralizar as demandas de propiedade dos insulares, que se revolveran contra a súa autoridade.

“Dous gardas xurados, que tomaron posesión e prestaron o oportuno xuramento, que permanecen nas illas dende o 20 de maio último, os cales son increpados polos colonos constantemente para que abandonen aquel territorio, co pretexto de que alí non hai máis propietarios nin máis donos ca os que alí residían”.

Sabemos que as reivindicacións dos colonos non conseguiron prosperar, pois Manuel Riobó aplacou as súas demandas e todos eles asinaron unha acta de conciliación no ano 1921. Un documento que reflicte unha relación feudal e no que recoñecen ao doutor Riobó como “dono absoluto das illas de Ons”.

Quedan por coñecer outros datos sobre este levantamento popular nas Ons, e tamén sobre os oradores chegados de Pontevedra e de Marín, aos que se refire Riobó como instigadores das demandas de propiedade entre os colonos. Tampouco sabemos se houbo un intento de organizarse como colectivo, pois Manuel Riobó cita a creación dunha asociación



Asentamentos antigos en Ons

con sede nas illas de Ons, pero no libro de rexistro de asociacións da provincia de Pontevedra non figura ningunha referencia a esta. Sabemos que o movemento de reclamación das terras tivo que ser importante e contou con certa organización e peso, e o que podemos deducir polas medidas represivas que aplicou contra os insulares o dono legal das illas. Mágoa que non poidamos ir máis alá que onde nos levan as conxecturas, pois non contamos con fontes documentais que nos axuden a ampliar este episodio.

Outro tanto acontece coa historia do mestre das illas, Fernández Cambeiro, que tomou posesión en maio de 1931. Gustaríanos poder ampliar o perfil deste home con ideas pedagóxicas innovadoras e que tanto axudou os insulares a encarrear as demandas de titularidade das illas. Sabemos que o seu sistema docente rexeitaba basearse na dicotomía de premios ou castigos e que defendía un concepto integral da educación. Desprazouse a vivir ás Ons xunto coa súa familia, cousa que non era habitual no seu tempo, nin sequera en décadas posteriores cando o absentismo dos mestres era maior ca o dos escolares. Os mestres adoitaban residir en Bueu e durante os longos invernos non se achegaban ás illas por causa dos temporais. Cambeiro preocupouse tamén da alfabetización dos adultos, que chegou a superar en número de escolarizados a dos rapaces.

Ademais fixo numerosas xestións en nome dos insulares perante as distintas administracións, buscando mediación para desterrar o sistema de colonato imperante nas illas, nun momento histórico de redención dos foros. Didio Riobó refire a través dunha entrevista na prensa, a carta de resposta que recibiron os insulares do ministro Largo Caballero sobre esta petición de titularidade das illas de Ons.

Nesta, segundo conta Riobó, o político deulle pulo ás demandas de propiedade e comprometeuse a enviar ás Ons un enxeñeiro agrícola para efectuar medicións do arquipélago e estudar unha posible solu-

ción. Tratábase de facilitar que alcanzasen a propiedade dos terreos que cultivaban os insulares dende había varias xeracións. Sobre este asunto, tamén referido polo xornalista Carballeira noutras reportaxes, apenas temos maiores datos ca as referencias atopadas na prensa. Lamentablemente non conseguimos dar co documento referido.

Na última información sobre as illas publicada antes da Guerra Civil, o mestre Fernández Cambeiro acompaña aos insulares durante a entrevista que lles fai Johan Carballeira. Este apunta o peso da presenza do mestre retratando de xeito moi ilustrativo a escena:

*“Son como unha garra de mar. E isto non é de estrañar, son prolongación de sufridas xeracións marceradas por ondas e ceos solitarios (...) Solicitamos a Cambeiro para canalizar a nosa información. El sabe coma ninguén quen pode mellor falar, el sabe que queremos dar unha versión obxectiva do problema; tan obxectiva que unicamente consignaremos, tal como eles as formulen as declaracións dos colonos.*

*Xunto ás bardas dunha propiedade onde están dous homes entregados á faena da sega do millo, comezamos o noso labor; Perfecto Piñeiro e o seu fillo, a unha simple indicación do mestre, préstanse ao interrogatorio. Teñen un aire arisco estes dous homes e, ao mesmo tempo, solícito e respectuoso. Ante Cambeiro, atlético e enorme, persuasivo coa súa retórica tenra e zorrillesca, parecen obedecer como conxuro e son terminantes e concretos respondendo as nosas preguntas.”*

Joaquín Fernández Cambeiro é un personaxe fundamental para entender a historia das Ons, mesmo que desta vez, as fontes se nos resisten. Sería moi interesante poder afondar na súa intervención no conflito das illas e tamén, como non, na súa singular personalidade.

Agora, mentres escribo isto, recordo que no centro documental da Memoria Histórica figura un rexistro a nome de Joaquín Fernández Cambeiro que, no seu momento, non tiveron a oportunidade de consultar. Trátase dunha carta de recomendación ante o director xeral de Correos. Podería tratarse do mestre das Ons? Quizais.

Habería que seguir a pista e continuar indagando...



O mestre Joaquín F. Cambeiro e a súa familia

### ► Libro "Toponimia mariñeira do Mar de Bueu"



Ainda que xa lonxano no tempo, vémonos na obriga de reseñar aquí tamén, esta publicación auspiciada pola Confraría de Bueu no ano 2011. O libro recolle e analiza 715 topónimos e microtopónimos do litoral municipal, acompañados de 40 fotos co obxectivo de conservar o patrimonio cultural inmaterial da súa costa e a das illas Ons e Onza (praias, cabos, puntas... etc.). Este traballo foi o resultado final do proxecto BueuINforma, en colaboración coa Consellería do Mar e do Proxecto Toponimia de Galicia do SITGA, integrado polos expertos Xermán García, Iván Sestay, Vicente Feijoo y Berta Román. Foi este, tamén, un traballo colectivo mediante a aportación particular de numerosos veciños que através de inquéritos aportaron os seus coñecementos toponímicos. Ademáis do índice de nomes, presenta un estudo dividido en cinco partes con fotografías aéreas das zonas estudadas cos nomes identificativos.


### ► A Muiñeira de Sarasate no Museo Massó



Con motivo da celebración do Día Internacional dos Museos (domingo 18 de Maio), o Museo Massó levou a cabo unha serie de actividades entorno a unha peza singular pertencente aos fondos desta institución. A obra seleccionada este ano foi a partitura manuscrita orixinal da Muiñeira opus 32 de Pablo Sarasate (1844-1908). Esta peza foi composta para violín e piano a finais do século XIX por este músico de sona internacional, e foi adaptada hai poucos anos á gaita por Xaime Estévez Vila e Anxo Gago para ser interpretada pola banda de gaitas Manxadoira de Bueu.


Desde o día 13 de maio permaneceu aberta unha pequena Mostra temporal realizada grazas á colaboración do Museo de Pontevedra e a Deputación, dedicada a esta partitura manuscrita da Muiñeira de Pablo Sarasate. Na mesma incluíronse referencias aos anos de infancia do músico en Galicia e a súa obra e transcendencia no ámbito musical internacional. No día dos museos realizáronse obradoiros musicais infantís e interpretouse a partitura ao violín por Ioana Pérez (profesora do Conservatorio Mayeysis) e á gaita pola citada Banda de Gaitas.

### ► Proxecto Asteleiro de Purro



## ▶ Libro dixital sobre Ons

O'Xedas



O Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) ven de presentar no Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas do libro electrónico «Ons: una isla habitada», que se pode consultar en plataformas de Apple (iBook) e máis adiante en dispositivos baixo o sistema Android en formato e-Book. Esta obra compendia as investigacións realizadas na illa desde os 2009 polas científicas Cristina Sánchez-Carretero e Paula Ballesteros-Arias do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) centrándose na presenza humana na illa desde a prehistoria deica hoxe. Esta publicación dixital, de descarga gratuita, permitiralle ao usuario interactuar e achegarse de forma diferente á rica historia de Ons desde a antropoloxía, a arqueoloxía e a historia através dos seus moradores, con entrevistas e testemuños, sons curiosos da illa, descargar documentos orixinais relacionados cos seus veciños, visualizar mapas, fotos, etc.. Este iBook pódese descargar en galego ou castelán e tamén en inglés.

## ▶ Padrón de Bueu. 1870

Unha interesante aportación e sistematización da xenealoxía veciñal de Bueu podemos atopala nesta aportación que Ana Romero nos fai do Padrón Xeral de habitantes do ano 1870. Pódese consultar na páxina [www.xenealoxia.org](http://www.xenealoxia.org) ou escribindo no buscador: **Padron de Bueu (1870)**.

A introdución do Padrón é a seguinte: *PROVINCIA DE PONTEVEDRA*

*PADRON GENERAL de vecinos y moradores de ambos sexos que existen en esta población y en las estancias de su término municipal, con residencia en el mismo, el día 26 de Enero del año de 1.869, con inclusión de los que se hallan accidentalmente ausentes dentro ó fuera del Reino; el cual es formado por su Ayuntamiento, en cumplimiento de lo prescrito*

*por la disposición primera de las transitorias que contiene a su final*

*el decreto de 9 de Noviembre de 1868 sobre el ejercicio del sufragio universal, inserto en la Gaceta del 10 siguiente, con sujeción a las reglas y disposiciones que contiene el capítulo 2º de la ley municipal de 21 de Octubre del repetido año.*



O Padrón está dividido en cinco apartados e nel consta o nome e apelidos dos concorrentes, a súa idade (1869), o seu estado civil, profesión ou oficio, o rango familiar (cabeza da casa, consorte, fillos...), o pobo de natureza (orixe) e o seu lugar de residencia ou veciñanza en Bueu.

Os apartados mencionados aportan os datos anteditos sobre unha poboación de 1.125 veciños (familia/casa) repartidos do xeito que segue: Padrón 1: 173 veciños. Lugares: Playa/Calle de Prim - Playa Meanes Norte. Padrón 2: 212 veciños. Lugares: Outeyro-Cibidad-Meiro. Padrón 3: 231 veciños. Lugares: Portela-Valado-Carrasqueira-Graña. Padrón 4: 295 veciños. Lugares: Graña - Bon de arriba - Bon de abaixo - Vilar - Ruanova. Padrón 5: 214 veciños. Lugares: Montemogos-Sar-Rosa-Isla Ons.

E tamén para os seguidores das xenealoxías fidalgas e nobres temos que recomendar o exhaustivo traballo de Rafael Rodríguez Fdez.-Broullón "Las hidalguías del Morrazo a través de sus piedras de armas" publicado pola Deputación de Pontevedra no ano 2000.

No mesmo aparecen apelidos asentados en Bueu como: Abreu, Acuña, Aldao, Andrade, Barbeito, Bugarín, Camba, Castilla, Cordido, España, Fonseca, Ibañez de Mondragón, León, Mondragón, Montenegro, Mosquera, Noboa, Padrón, Pimentel, de la Rúa, Santo Oficio, Taboada, de la Torre, Troncoso de Lira. Asemade son moi interesantes os datos que aporta sobre as xenealoxías e pedras armeiras do pazo do Casal, do pazo de Castrelo, do pazo de Ouril, do pazo de Santa Cruz, da casa do Pracer, da torre de Freande, da casa da Torre e da igrexa de Beluso.



## ▶ A ESCUADRA DE GALICIA (Séc. XVII)

Xerardo Dasairas



A comezos do século XV, Galicia perdeu a representación nas “Cortes Generales” por non teren pagado as sete capitais galegas os repartimentos (impostos contributivos) desde o ano 1407. Na súa defensa os rexidores das cidades galegas alegrarían diante do rei Enrique IV que non o fixeran por non teren sido convocados os seus procuradores, mais todo foi inútil e a representación de Galicia recaería na cidade de Zamora durante bastantes anos.

Sería a comezos do reinado de Filipe II cando se estimou que para recuperar o seu voto en Cortes, Galicia debería desembolsar 20.000 ducados de ouro. Non só se negaron a isto os galegos, senón que rexeitarían a suplantación de soberanía que exercía Zamora.


Coa aproximación á Corte de nobres galegos como o conde de Lemos ou o de Gondomar, Galicia recuperaría o Voto en Cortes por provisión e Real Carta de Filipe IV o 13 de outubro de 1623 agora baixo demanda de 100.000 ducados.

Após este acordo, reparador do antigo estatus, agachábanse tamén, os case 800.000 ducados que, asemade, lle ofreceron ao rei para a construción inicial de seis barcos que defendesen as costas galegas da incesante piratería que sufrían por parte de berberiscos, ingleses ou franceses.

Comezouse, pois, a constituir a escuadra, mercando en 1634 un galeón en Viana do Castelo e concertándose xa o encargo de catro navíos a Juan Pardo Osorio, casteleiro de San Antón, futuro almirante da flota galega e propietario do galeón “M<sup>a</sup> Santísima de la Concepción” de Ribadeo.

A construción dos catro galeóns faríase nos vellos asteiros de Oza e Ribadeo baixo a supervisión de mestres chegados de Dunquerque e financiados na súa maior parte polos “*perlados e conbentos*” de Galicia. Os catro galeóns restantes serían adquiridos na Hermandad de las Cuatro Villas, potente consorcio marítimo formado polas catro poboacións máis importantes de Cantabria, daquela avanzada marítima de Castela. Xa que logo, esta Armada Galega constaría de oito galeóns e un pataxe, concedéndose para o seu mantemento un novo dereito sobre a pesca, que se arrendou en 40.000 ducados. Este arbitrio, apesar do fracaso naval, aínda se seguiría pagando en 1682. Desde 1513 xa se fixeran

propostas para constituir en Galicia unha armada, asunto que se repetiría en 1520, en 1542 e en 1552, sen que o asunto callase finalmente apesar da situación bélica. O desinterese e o elevado dos custes para o país en sisas e levas, aparecían sempre como os principais obstáculos a superar.





Vila de Guetaria

Apesar de crearse na Coruña unha especie de escola naval co nome de Seminario de Muchachos del Mar, a recluta das tripulacións tamén foi un despropósito ao contar con mariñeiros bisoños e facer as levas da infantería de mariña entre galegos pobres, a maioría labregos cansos e vellos, segundo as crónicas.

Ainda que a Xunta se opuxo, a escuadra seguiu formándose pois aínda pesaban sobre Galicia os gastos que ocasionaba. Ademais do mencionado Pardo Osorio, director da construción dos galeóns, tamén foi almirante da escuadra, Fernando Osorio de Sotomayor, a quen se lle ordenou no 1635, abandonar o servizo que prestaba nas nosas costas e acudir a defender os portos vascos, tendo un final desastroso no 1636 na batalla naval de Guetaria.

Neste porto vasco, a escuadra foi sorprendida por buques franceses ao mando do arcebispo de Burdeos, sendo incendiados e botados a pique a maioría dos navíos, incluído o “Nuestra Señora de Fresnedo”, nao capitana galega. O almirante Juan Pardo Osorio caería morto no combate e tan só se salvarían as naves que mandaba Francisco Feijóo y Sotomayor, pois prevendo o fatal resultado xa se tiña feito ao mar co seu galeón “Santiago” que aínda así “*ficou raso coma un pontón*”, segundo os datos da época.

Despois disto, semella que os restos desta escuadra, agora mandada por Feijoo, aínda combaterían en 1639 no sanguiniento combate das Dunas fronte ás costas de Holanda onde foi capturado. Da valerosa actuación do almirante galego nesta batalla, fai calorosos eloxios o almirante Oquendo: «*hubo de rendirse la capitana de Galicia, en la que iba el almirante Feijóo, después de no quedarle vivos de toda su gente más que trece hombres*».

Entanto, ocupárase do almirantado da Escuadra Galega o tamén galego, xeneral Andrés de Castro y

Gómez de Sandoval, que participaría coa escuadra do duque de Ciudad Real na batalla do cabo San Vicente contra os holandeses, despois da que se retiraría. Unha vez rescatado, Francisco Feijoo y Sotomayor voltaría a mandar a almiranta da Escuadra de Galicia, uníndose á armada que o marqués de Villafraanca conduciu cara Cataluña. Esta sería a súa última expedición pois morrería no combate naval que se deu en xullo do 1642 en Tarragona contra a armada francesa do xa citado arcebispo.

Xa desde o inicio do proxecto, a Xunta de Galicia non acababa de acreditar na verdadeira finalidade da Escuadra Galega, “*se esta, ao igual que a de Biscaia, non contaba con xefes e tripulantes do país*” pois a Coroa era moi reticente a cumprir esta condición. Logo, polas circunstancias descritas, viñeron novos gastos e desgustos para Galicia que se complicaron coa mala sorte que tiveron os nosos barcos. Tan negro estaba o panorama que na reunión da Xunta do 29 de xaneiro de 1639 xa se pensou en pedirle ao rei «*que cesare dha escuadra porque asta oy no se a conseguido el intento para que dha escuadra se ha fabricado*».

Coa morte de Feijoo non morrería a escuadra, pois na mesma substituíríao o seu segundo, Juan de Matos e a este o seu irmán Tomás, ambos pontevedreses, participando en combates nas costas catalanas. A partir de aquí xa non cabería falar da Escuadra Galega, pois aínda que nela figura un sobriño de Juan Matos, de igual nome e apelido, como xefe da Armada, non se especifica que fose galego, aínda que polo parentesco debemos supór que si o fose.



Galeón reconstruído

## Poemas. Keith Payne

### O poeta elixe a soidade

Se estivese erguido sobre os acantilados atlánticos,  
a tua voz querería escoitar.  
Se andivese sedento baixo o sol do deserto,  
os teus beizos desexaría bicar.  
Mais agora sei que só me queda unha noite de sono  
e prefiro pasala en soidade.

Se andivese perdido nas ruas da cidade,  
gostaría sentir o teu tacto.  
Se estivese perdido no inmenso mar,  
devecería caer nas tuas redes.  
Mais agora sei que só me queda unha noite de sono  
e prefiro pasala en soidade.

### Labrando a Terra

Sentado no cumio do cantil, entre as costelas costeiras  
e o corazón da terra, tiña alcanzado o altiplano  
desde onde podía respirar o cheiro da choiva chegar.

Cando abriron as nubes  
unha perfusión de sol de verán tardío,  
deitou o seu bafo sobre a auga.  
Debaixo, un cormorán de longo pescozo  
encara a barriga ondeante do mar.

Vai ao Leste  
cara estranos andeis almeados,  
apertados como viaxeiros urbanos  
encorvados contra o vento.

Faces tras das xanelas  
ollan a choiva caer sobre a herba;  
unha periferia de cabichas  
e a canción dos paxaros urbanos sulagados.

Keith Payne é un escritor irlandés (Dublin) que vive en España desde 2008. Tradutor de producións literarias (contos e poemas) tamén escribe poesía, inspirada en incidencias aparentemente sen importancia que logo rexurden en forma de líricas lembranzas de viaxes, encontros ou situacións que destacan pola súa musicalidade e ritmo.

Os seus poemas aparecen publicados en diversas revistas poéticas de fala inglesa e española. Asemade, tamén se tén aventurado na creación teatral na que destaca a obra "Protect me from what I Desire", representada en Irlanda, Nueva York, Sídney e España.

### Sumerxido

O mar ábrese  
e péchase  
en cada inmersión.  
Baixo a auga  
os ollos asómbranse  
coas verdes algas.  
un remuíño de area  
impulsa  
unha medusa desde o argazo.

### O valo de auga

Sempre me sinto relaxado na auga  
cando me agarro no borde do bote  
e arrefríanseme as pernas ao flotar  
por iso me solto.  
A escuridade está lonxe,  
axexándome.  
Estou aprendendo a respirar no mar.

## ► Actividades da Asociación "Os Galos"


Os encontros de embarcacións tradicionais, ademais de concentrar barcos de diferentes puntos do litoral, conseguen que persoas coas mesmas inquietudes poidamos compartir experiencias e coñecementos. E así foi o ano pasado no encontro galego do Freixo, onde tivemos o pracer de navegar na traíñeira "Pescadoira" cos amigos de Euskal Bateleroak de Lekeitio, cos que enseguida conxeniamos.




Este ano recibimos a visita de Beñat dende Zumaia, o cal obtivo de agasallo unha dorna, e precisaba algunha axuda para aparelalala. Tras percorrer uns 750 kms subida a un carro, a dorna, que ten por nome "Rechoncha", voltou por uns días as súas orixes, para bicar o mar galego e así poder voltar ao Cantábrico cun pouco menos de morriña.

Esta primavera recibimos tamén a visita dun grupo de mozos e mozas do IES "Mestre Landín" de Marín, que acompañados da súa Orientadora, Sandra Ruibal, achegáronse ao pantalán de Bueu para saber un pouco máis sobre as embarcacións tradicionais e a nosa Asociación. Para os Galos é sempre un orgullo poder

compartir o que sabemos con todas aquelas persoas que teñan un mínimo de interese. Sobre todo coa esperanza de que algún día sexan os máis novos os que tomen o relevo, e veñan e m p u x a n d o forte, con ese aire fresco que caracteriza a xuventude.



E con ese ánimo de facilitar o achegamento, decidimos organizar un curso de Navegación a Vela Tradicional, co obxectivo principal de defender o noso patrimonio marítimo dun xeito máis activo. Aproveitando o privilexio de ter os recursos que temos, que son as embarcacións e o abrigo das rías, podemos ofrecer a oportunidade de intentar comprender un pouco máis o vento e o mar. Ademais é interesante coñecer os barcos que empregaron os nosos avós para vivir da pesca, antes de que os motores deixaran no esquecemento as velas, que tantas veces se inflaron agradecidas, deixando así descansar aos remos.



Por todo isto, a nosa labor como asociación é protexer as embarcacións tradicionais, coidándoas e manténdolas durante todo o ano. Ás veces algunha precisa algo máis que aceite e patente, e este ano tocoulle ao polbeiro "As Lagoas" recibir unha pequena reparación. O bote máis emblemático de Bueu espera impaciente voltar ao mar, para continuar debuxando as espirais caprichosas do seu ronsel.



# XVIII ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS EN BUEU- AGOSTO 2014

Coincidiendo coa XV Festa do Polbo

## Mapa de Situación

● Ubicación actividades



### Pantaláns de Atraque

Saídas mar

### Pernocta no Pavillón Municipal

#### Durante a semana

- Visitas guiadas ao Museo Massó
- Exposición temática na Sala Amalia Domínguez
- Proxeccións de películas ou documentais no Centro Social do Mar
- Singraduras pola ría

#### Sábado

- Benvinda ás embarcacións participantes e visita ás mesmas
- Recepción e acreditación de navegantes
- Travesías de exhibición durante a tarde das embarcacións pola enseada de Bueu (Lapamán-Beluso)

#### Domingo

- Visita ás embarcacións participantes nos pantaláns
- Travesías polo mar
- Clausura do XVIII Encontro





**Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais**

**OS GALOS**

**BUEU**



Deputación  
Pontevedra



**FGCMF**  
Federación Galega pola  
Cultura Marítima e Fluvial  
[www.culturamaritima.org](http://www.culturamaritima.org)